

PARTE II

TERRITORIO E POBOACIÓN



1.- INTRODUCCIÓN

As novas realidades e cambios que se están a producir na actualidade nas economías locais das zonas rurais europeas, particularmente na agricultura e na gandería, e que, previsiblemente acentuaranse nos próximos anos, leva consigo que a Unión Europea téñase afianzado na convicción de perseverar na liña de desenvolvemento rural iniciada coa IC Leader. Neste marco xeral, na Comarca de Ordes, considerase necesario deseñar unha nova estratexia de desenvolvemento rural integral, participativa e de carácter piloto para esta comarca. Esta estratexia profundiza, complementa e afianza as xa iniciadas nos períodos 2000-2006 e 2007-2013, baixo a IC Leader + e o Programa Leader de Galicia 2007-2013, a cal recolleu e fixo seus os obxectivos estratéxicos do Plan de Desenvolvemento Comarcal da Comarca de Ordes.

Por todo elo, ao fío da resolución do 11 de febreiro de 2016, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 do mércores 2 de marzo de 2016, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, o noso Grupo de Desenvolvemento Rural “Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes” pretende lograr o apoio necesario para implementar o Plan de Desenvolvemento deseñado, que ten como base a cooperación representativa de tódolos axentes do mundo rural que operan a escala local, que aplica unha estratexia integrada de calidade, cun enfoque global, participativo e de carácter piloto, centrada nun aspecto predominante característico da identidade do territorio, e que busca a sostibilidade e coherencia na integración de operadores, sectores e proxectos, tendo en conta o carácter complementario con outras intervencións das Administracións locais e rexionais.

A estratexia definida crea formas orixinais de participación da poboación, que está representada nos órganos de dirección, segundo as directrices establecidas nas disposicións do Regulamento (CE) nº 1303/2013 do 17 de decembro de 2013, nunha porcentaxe superior á dos poderes públicos.

Destos requisitos derívase que a explotación do potencial endógeno da zona terá carácter de sostibilidade e coherencia e efectuarase cunha maior eficacia.

No presente Proxecto de Desenvolvemento Comarcal incluímos ademais, as recomendacións emanadas do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para a etapa 2014-2020 e das citadas disposicións do Regulamento, relativas á igualdade de oportunidades, prestando especial atención á incorporación das mulleres e mozos/as da zona ao GDR a través dos distintos colectivos cos representan; logrando así unha maior implicación activa dos mesmos como impulsores e protagonistas do desenvolvemento socioeconómico da comarca.

O noso obxectivo é polo tanto, de permanencia no tempo para conseguir, non só a xestión do Programa de Desenvolvemento Leader, senón -e fundamentalmente- para reforzar, afianzar e dar proxección temporal e espacial, ao proceso de desenvolvemento iniciado coa xestión da IC Leader +,

continuado co Programa Leader Galicia 2014-2020 e enriquecelo coa aportación do “know how” adquirido – que ten sido recoñecido, entre outros, pola REDR e a Unidade Española do Observatorio LEADER incorporando á base de datos de boas prácticas varios proxectos financiados por este GDR.

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) “Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes” fai súas as Directrices Estratéxicas para o Desenvolvemento Rural (2014 -2020) e sobre estas bases elabórase o Programa de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ordes.

En virtude de todo o anteriormente dito, tense elaborado o Programa de Desenvolvemento Comarcal de Ordes, vertebrado en torno á mellora da calidade de vida e o fomento da diversificación da economía da súa poboación, mellora do medio ambiente e o medio rural e incremento da competitividade da agricultura e da silvicultura a través de medidas que atenden aos seguintes ámbitos: valorización integral –medioambiental, turística e da arquitectura doméstica asociada – dos espazos protexidos; por outra parte, as medidas atenden á valorización dos produtos locais de calidade para profundizar na súa transformación e comercialización, amén de procurar incentivar a redución do impacto ambiental dos seus proxectos produtivos e a diversificación da actividade produtiva.

Así concebido, este programa de Desenvolvemento da Comarca de Ordes será o instrumento adecuado para lograr, desenvolvendo o noso potencial endógeno, fortalecer e diversificar a economía, manter a poboación, elevar rendas e benestar social, así como favorecer a conservación dos espazos naturais da nosa bisbarra.

2.- CONTEXTO TERRITORIAL

2.1.- COHERENCIA DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Cunha superficie de 755,70 km² a Comarca de Ordes obxecto da actuación esta formada por sete concellos, de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo, con identidade propia e sentimento comarcal moi arraigado sita no centro da provincia de A Coruña entre as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña.

Xeográficamente Limita ao norte, coas comarcas de Bergantiños e A Coruña; ao Este, coa Comarca de Betanzos; ao Sur, coa comarca de Arzúa; e ao Oeste, coa comarca de Santiago.

En total, según datos del Nomenclator (IGE) do ano 2014, son 75 parroquias e 730 entidades singulares de poboación nas que habitan 18.453 homes e 19.234 mulleres

Táboa: Censo de poboación, extensión e densidade de poboación

CONCELLO	CENSO POBOACION 2014			EXTENSIÓN Km2	DENSIDADE Hab/km2
	HOMES	MULLERES	TOTAL		
Cerceda	2.517	2.639	5.156	111,30	46,33
Frades	1.242	1.243	2.485	81,60	30,45
Mesía	1.391	1.404	2.795	107,10	26,10
Ordes	6.257	6.587	12.844	157,20	81,70
Oroso	3.668	3.732	7.400	72,60	101,93
Tordoia	1.749	1.957	3.706	124,60	29,74
Trazo	1.629	1.672	3.301	101,30	32,59
TOTAIS	18.453	19.234	37.687	755,70	49,87
<i>Provincia</i>	545.342	587.987	1.133.329	7.950,40	142,55
<i>Galicia</i>	1.328.373	1.418.853	2.747.226	29.574,80	92,89

Fonte IGE 2014 e elaboración propia

CONCELLO	PARROQUIAS	ENTIDADES SINGULARES
Cerceda	6	47
Frades	12	77
Mesía	12	157
Ordes	13	225
Oroso	11	41
Tordoia	10	64
Trazo	11	119
TOTAIS	75	730
<i>Provincia</i>	926	10.485
<i>Galicia</i>	3.772	30.212

Táboa: Parroquias e entidades singulares de poboación. Fonte: Nomenclator IGE 2014

O seu carácter comarcal no só se xustifica na decisión de aglutinar una serie de estruturas administrativas limítrofes. O medio no o home desenvolveu a súa acción ao longo da historia estableceu vínculos entre os poboadores deste territorio que lle confire coherencia non só administrativa, senón tamén física, cultural e socioeconómica.



Coherencia física

A Comarca de Ordes é unha Comarca situada no centro xeográfico da provincia de A Coruña entre as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña. Limita ao norte, coas comarcas de Bergantiños e A Coruña; ao Este, coa Comarca de Betanzos; ao Sur, coa comarca de Arzúa; e ao Oeste, coa comarca de Santiago.

Como en toda comarca chá, os seus límites desdébúxanse. E o río Tambre, no seu tramo alto, o que proporciona a unidade xeográfica do territorio, xa que a conca hidrográfica debuxa un espacio – unidade ben diferenciado.

Está formada polos seguintes Concellos: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

A Comarca de Ordes está encaixada, dentro do marco xeolóxico, dentro da denominada Zona Centroibérica, caracterizada por un grande desenvolvemento do metamorfismo e granitización hercínica, así como de macizos básicos.

Os diferentes autores que traballaron na zona diferenciaron dous dominios xeolóxicos. O dominio do Macizo de Ordes e o Dominio Periférico do Macizo de Ordes. Ambos dominios están representados, polo menos de forma parcial, na comarca e caracterízanse por.

- **Dominio da Serie de Ordes:** constituído na súa base por gneises alcalinos blastomiloníticos con algunhas inclusións de retroecloxitas. Sobre esta unidade sitúase unha serie xistosa de grande potencia, de carácter grauváquico cara o teito e con intrusións de anfibolitas e rochas ultrabásicas.
- **Dominio periférico do Macizo de Ordes:** constituído principalmente por xistos e metaareniscas que foron intensamente migmatizados. Afloran un conxunto de rochas graníticas hercínicas de carácter alcalino e calcoalcalino e un conxunto de rochas básicas e ultrabásicas (non moi abundosas na zona de estudio) baseado na presenza de anfibolitas, piroxenitas, metagabros pegmatoides e gabros.

A Comarca de Ordes forma parte da penachaira galega e está constituída por superficies de erosión lixeiramente basculadas cara o Sur, pertencendo na súa maior parte ó val do río Tambre. O territorio ten unha topografía pouco acusada polo xeral unicamente interrompida por pequenas formas no relevo.

A serra de Montemaior, ligada a unha litoloxía algo máis complicada e afectada por unha tectónica e fracturas, desenvólvese no límite occidental da comarca, servindo de divisoria coa comarca do Xallas. Esta transición vese rompida pola fosa tectónica do Dubra que se abre cara o Sur, en dirección ó val do Tambre.

Unha das consecuencias máis salientables da litoloxía das amplas zonas da comarca dominadas por xistos da Serie de Ordes, e a característica suavidade das formas. A diferente constitución litolóxica e a evolución xeolóxica explican o carácter algo máis montañoso dos municipios occidentais (fora do dominio da Serie de Ordes). Deste factores derívase unha presenza de solos

máis pobres en xeral que combinados ás maiores pendentes dan lugar a unha diferente humanización do espazo e das actividades.

Coherencia cultural

O territorio definido é Comarca, como dicíamos, non só desde a perspectiva física e administrativa senón tamén desde o punto de vista do seu patrimonio cultural. De feito, a riqueza patrimonial da Comarca é un dos seus valores máis prezados e foi o elemento central que podería aglutinar aos diferentes concellos ao redor dun proxecto común de desenvolvemento territorial, baseado nos seus inicios no concepto do Camiño Inglés de peregrinaxe a Santiago de Compostela, percorrendo este os Concellos de Mesía, Ordes e Oroso, unha iniciativa destinada a poñer en valor a herdanza cultural e natural deste territorio e permitir o seu aproveitamento turístico.

Esta coherencia da comarca desde o punto de vista cultural ten o seu reflexo no patrimonio material e inmaterial que comparte todo o territorio. Dentro do primeiro, o máis evidente é o relacionado coa cultura castrexa que desde sempre se identificou co territorio que agrupa aos sete concellos da Comarca.

Pero non son os castros e todos os elementos que orbitan ao redor destes elementos do patrimonio os únicos que confiren un sentido ao territorio. Ao longo de todo el localízanse recursos que responden a unhas características comúns que atribúen a esta comarca certa singularidade: pazos, casas grandes ou, sen ir máis lonxe, a arquitectura e a enxeñería que supón a construcións que balizan o río Tambre. Mención especial merece tamén a arquitectura relixiosa e o Camiño de Santiago, sen esquecer a tradicional arquitectura civil, composta por modestos elementos individuais (cabazos, pombais, fornos, lavadoiros, muíños) cunha morfoloxía e uns usos que lles confiren características definitorias e distintivas.

Pero quizais, os recursos patrimoniais que maior carácter aglutinador teñen na Comarca sexan aqueles que resultan intanxibles e que permanecen máis ou menos latentes nalgúns casos, sen caer no esquecemento: lendas, contos, cantos, bailes, receitas, historias, xogos, deportes, tradicións que son un elemento identificador e singular deste territorio.

A Comarca de Ordes ten, por tanto, sentido como comarca desde a perspectiva cultural, e un exemplo que evidencia esta realidade témolo no feito de que, a promoción cultural e a xestión de varios servizos e recursos culturais realízase de forma conxunta a través da Mancomunidade da Comarca de Ordes que agrupa os sete municipios do territorio.

Coherencia socioeconómica.

A actual organización funcional deste territorio, presenta unha estrutura monocéntrica cun clara nó en Ordes. Non obstante, existen dous Concellos, Cerceda e Oroso, que pola súa proximidade as cidades de A Coruña e Santiago están vinculados a eles como áreas metropolitanas.

Sen menoscabo do exposto anteriormente, é a realidade social e económica dos sete concellos que configuran a Comarca de Ordes a que xustifica, dun xeito máis evidente, que se aborden políticas de desenvolvemento dende una perspectiva conxunta, comarcal, dando sentido ao territorio como ámbito de aplicación da Estrategia de Desenvolvemento Local Participativo.

No seguinte apartado realízase unha detallada descrición da situación actual da Comarca desde diferentes perspectivas do ámbito social e económico que poñen de manifesto a coherencia deste territorio.

Os aspectos demográficos, a situación e evolución do mercado de traballo, a estrutura produtiva, as características daqueles sectores económicos máis ligados ao medio rural, e mesmo a ordenación das infraestruturas, a prestación de servizos e as circunstancias ambientais da Comarca de Ordes, aínda sen ser homoxéneas e mostrando nalgúns casos polaridades que debe de ser abordadas de maneira diferenciada, contextualizan un territorio que precisa dunha estratexia común para corrixir as súas debilidades, afrontar con éxito as súas ameazas, manter as súas fortalezas e explotar as súas oportunidades.

En canto á súa organización histórico – funcional, o territorio correspondente á actual Comarca de Ordes representou unha clara unidade dende o punto de vista histórico e de partido xudicial.

3.- XUSTIFICACIÓN

Como punto de partida para o diagnóstico sobre o que se deberá de sustentar a estratexia, realízase unha análise do contexto social, económico e ambiental da Comarca de Ordes. Esta análise acométese entendendo o territorio como un espazo de desenvolvemento coherente. Un territorio configurado ao redor de vínculos económicos, sociais, culturais e físicos, que lle proporcionan unha identidade a través das dinámicas demográficas, a situación do mercado de traballo, as características dos sectores e as actividades económicas, as infraestruturas e servizos dispoñibles, a súa situación ambiental, etc.

O estudo de fontes estatísticas e datos obxectivos e específicos desta zona de actuación proporcionará unha visión clara e concisa da situación actual da Bisbarra, xerando información cuantitativa e cualitativa que resulta fundamental para determinar o posicionamento respecto doutros territorios, detectar as fortalezas e debilidades que o caracterizan, é identificar as súas oportunidades e ameazas para planificar actuacións para o seu desenvolvemento.

Para conseguir que esta análise sexa un fiel reflexo do contexto no que nos movemos, non só se examinan os datos da comarca como un territorio indiviso. Profúndase e estúdanse as peculiaridades internas, a nivel municipal, e analízanse as diferenzas existentes entre os Concellos máis urbanos (Oroso, Ordes e Cerceda) e os eminentemente rurais (Frades, Mesía, Tordoia e Trazo). Por outra banda, a comparativa da situación comarcal co contexto provincial e rexional é unha fonte de información que tampouco se obvia na análise.

O estudo alcanza a diferentes trazos do territorio:

- **A demografía**, cun estudo descritivo do capital humano da comarca. A poboación, a súa evolución e distribución segundo sexo ou idade; os movementos demográficos, as características do poblamiento son algúns dos aspectos analizados.
- **O mercado laboral**, que se describe a partir da información existente sobre o emprego e o paro comarcal.

- **A estrutura produtiva** da comarca, que leva a análise da produtividade e a renda familiar, ademais doutros indicadores da actividade económica
- **Os sectores de actividade** máis relevantes no desenvolvemento do medio rural, cuxo análise pormenorizada permitirá dispoñer información moi útil para orientar a estratexia. ou
 - **O sector primario** co exame dos datos socioeconómicos que revelan o papel da agricultura e a gandería no desenvolvemento económico e social: emprego, produtividade, tamaño das explotacións, produción, etc.
 - **A actividade forestal**, incluíndo unha valoración da superficie forestal con aproveitamento madeireiro e das producións de madeira.
 - A industria agroalimentaria cuxa importancia estratéxica na diversificación da economía tradicional esixe unha análise comparativa dentro do contexto rexional e en relación ás tendencias do mercado e as producións primarias existentes.
 - **As actividades industriais** (sector secundario)
 - **Sector terciario**, facendo especial fincapé nas actividades turísticas, cunha análise da oferta que permita diagnosticar a situación actual do sector e o papel que debe xogar na futura estratexia de desenvolvemento.
- **Aspectos ambientais**, ata onde os datos e as informacións disponibles permiten realizar unha caracterización de diferentes factores agroecolóxicos que inflúen nos usos do chan, así como doutros múltiples indicadores da situación ambiental da comarca (zonas protexidas, enerxías renovables, reciclaxe, incendios, etc.)
- **As infraestruturas e servizos públicos**, cunha descrición e unha análise que permita apreciar a súa influencia na calidade de vida do territorio.

4.- DEMOGRAFÍA

4.1.- POBOACIÓN

Segundo os datos do padrón municipal a poboación comarcal é, a finais do 2014, de 37.687,00 habitantes. Isto supón o 3,33 % da poboación da provincia de A Coruña e o 1,37 % da poboación total da rexión.

O 67,40 % dos habitantes da Comarca de Ordes están empadroados nalgún dos tres Concellos ubicados nas principais vías de comunicación con Santiago de Compostela e A Coruña e só o 32,60 % restante reside nos concellos máis interiores. Máis da terceira parte dos habitantes localízanse no concello de Ordes.

O municipio de Ordes engloba a maior parte da poboación do territorio (máis do 34 %), cunha tendencia ó lixeiro aumento. A influencia de Santiago está ocasionando o incremento da poboación de Oroso que conta case o 20% da poboación, e que xunto ca relativa pouca extensión que presenta, outorga a densidade máis elevada da Comarca.

Táboa: Características da poboación.

Municipio	Nº habitantes	Porcentaxe poboación	Extensión (Km2)	Densidade pob (Hab /Km2)
Cerceda	5.156	13,68%	111,30	46,33
Frades	2.485	6,59%	81,60	30,45
Mesía	2.795	7,42%	107,10	26,10
Ordes	12.844	34,08%	157,20	81,70
Oroso	7.400	19,64%	72,60	101,93
Tordoia	3.706	9,83%	124,60	29,74
Trazo	3.301	8,76%	101,30	32,59
Comarca Ordes	37.687	100,00%	755,70	49,87
Provincia A Coruña	1.133.329		7.950,40	142,55
Galicia	2.747.226		29.574,80	92,89

*Fonte IGE 2014. Elaboración propia***4.2.- POBOAMENTO E DENSIDADE**

O poblamiento da comarca presenta dúas caras ben diferentes. Por unha banda, os núcleos dos dous Concellos situados nas principais arterias de comunicación entre as cidades de Santiago e A Coruña (Ordes e Oroso) e por outro lado outros núcleos dispersos repartidos por todo o territorio

Os núcleos máis urbanos da Comarca son, en xeral, de tamaño reducido e complexos que, segundo o diferente grao de dinamismo da vila, conservan na súa trama e as súas edificacións un amplo repertorio de elementos arquitectónicos de múltiples estilos. A esta complexidade engádense as zonas periurbanas que se configuraron á calor das novas infraestruturas e equipamentos públicos (estradas, polígonos industriais) e as segundas residencias.

En contraste con esa situación das vilas, os núcleos rurais ofrecen unha maior disparidade de estados, dándose de novo diferenzas entre os localizados preto dunha via de comunicación e os que están alonxados das mesmas. Na primeiros combínanse as mencionadas zonas periurbanas cos núcleos dispersos que conservan a súa función. Os núcleos máis interiores da Comarca, en cambio, viñeron experimentando un paulatino abandono que os conduciu a unha situación delicada. Aínda conservan en bo estado edificacións e paisaxe tradicional, pero córrese o risco de ruína e deterioración xeneralizado e irreversible.

A distribución da poboación é uniforme en todo o territorio non observándose cambios significativos, a excepción son o Concello de Ordes cunha poboación superior ós 12.000 habitantes e o Concello de Oroso cunha poboación en aumento e que alcanza os 7.400.

Esta distribución uniforme dos habitantes ao longo de tódolos Concellos do territorio de actuación é un claro indicador do grao de dispersión da poboación existente, véndose isto de xeito mais claro ao observar a seguinte táboa, na que se recolle o número de parroquias e entidades singulares de poboación existentes en cada un dos municipios que compoñen a Comarca

Táboa: Parroquias e núcleos de poboación.

CONCELLO	PARROQUIAS	ENTIDADES SINGULARES
Cerceda	6	47
Frades	12	77
Mesía	12	157
Ordes	13	225
Oroso	11	41
Tordoia	10	64
Trazo	11	119
TOTAIS	75	730
Provincia	926	10.485
Galicia	3.772	30.212

Fonte IGE 2014

Este tipo de poboamento ten reflexo na densidade de poboación, un indicador preciso da presenza e presión do home sobre o territorio.

Municipio	Densidade pob (Hab /Km2)
Cerceda	46,33
Frades	30,45
Mesía	26,10
Ordes	81,70
Oroso	101,93
Tordoia	29,74
Trazo	32,59
Comarca Ordes	49,87
Provincia A Coruña	142,55
Galicia	92,89

Táboa: Densidade de poboación. Fonte IGE 2014 e elaboración propia

A densidade de poboación da Comarca sitúase nos 49,87 hab/Km² moi por debaixo, tanto da media provincial (máis de tres veces inferior), como da Comunidade Autónoma (máis de dúas veces inferior).

Con todo, redúcese substancialmente en concellos como Mesía e Tordoia que non alcanzan os 30 habitantes/km².

Pola contra, o municipio de Oroso supera a densidade media rexional e alcanza a cifra dos 101,93 habitantes/km², estando con todo por debaixo da media da provincia de A Coruña.

A distribución da poboación no territorio está máis en función dos aspectos humanos que dos físicos, sendo a accesibilidade e a localización das actividades económicas os factores que determinan a concentración da poboación.


4.3.- EVOLUCIÓN




Neste apartado, ofrécese unha visión global sobre os recursos humanos cos que conta este territorio, analizando a súa dinámica e distribución espacial, co obxecto de ter un coñecemento real sobre aqueles núcleos que ofrecen mellores expectativas de crecemento e determinar as posibles accións a implementar.

A evolución da poboación do territorio de actuación do GDR ó longo dos últimos 30 anos, non seguiu unha única pauta e tampouco o fixeron os distintos municipios que a constitúen. Esta evolución queda reflectida nas seguintes táboas e gráficas :

Gráficos e táboas de evolución da poboación 1986-2014.

TERRITORIO	ANOS					
	1986	1991	1996	2001	2006	2014
Cerceda	7.440	7.015	5.654	5.503	5.483	5.156
Frades	3.609	3.333	3.179	3.055	2.841	2.485
Mesía	4.252	3.684	3.521	3.356	3.102	2.795
Ordes	11.842	11.704	11.893	11.938	12.294	12.844
Oroso	4.056	3.779	4.537	5.512	6.526	7.400
Tordoia	6.096	5.847	5.334	5.029	4.548	3.706
Trazo	5.021	4.282	3.956	3.800	3.557	3.301
TOTAIS	42.316	39.644	38.074	38.193	38.351	37.687
Provincia	1.109.788	1.096.966	1.110.302	1.108.002	1.129.141	1.132.735
Galicia	2.844.472	2.731.669	2.742.622	2.732.926	2.767.524	2.748.695





Fonte IGE e elaboración propia

Durante a década dos 80 constátase un descenso significativo da poboación en todos os Concellos que se mantén de xeito xeneralizado en todo o territorio o ano 2014 aínda que coa entrada do século XXI este descenso faise máis paulatino. Sepáranse desta evolución, a favor dunha positiva, os municipios de Ordes e Oroso.

A situación de Oroso derívase, en gran parte, á proximidade xeográfica a Santiago, polo que actúa como lugar dormitorio, é dicir, a xente (sobre todo parellas novas) que ten o seu posto de traballo en

Santiago localiza o seu lugar de residencia neste municipio veciño ante as dificultades que se presentan á hora de adquirir unha vivenda en cidades de certo tamaño como é o caso de Santiago namentres no caso de Ordes está relacionado con exercer como núcleo integrador do territorio da súa Comarca.

A evolución global da poboación do territorio ven marcada por un brusco descenso de poboación (máis dun 9 %) dende o ano 1986 ó ano 2001 moderándose posteriormente esa caída nos anos que transcorren dende 2001 ata 2014 (1,32 %).

Estes datos fanse moito máis significativos se os comparamos coa tendencia rexional e da propia provincia de A Coruña. Así, no período 1986 -2001 Galicia perdeu o 3.92 % da poboación e a provincia de A Coruña o 0,96% e, no período 2001-2014 Galicia incrementou a súa poboación nun 0,01 % e a provincia de A Coruña en máis do 2 %.

Máis alarmantes son as cifras comparativas da última década e do último quinquenio que recolle na táboa comparativa que figura a continuación:

Táboa: Variación da poboación.

	2009-2014		2004-2014	
	Habitantes	% variación	Habitantes	% variación
Cerceda	- 414	- 7,43 %	- 343	- 6,24 %
Frades	- 221	- 8,17 %	- 435	- 14,90 %
Mesía	- 180	- 6,05 %	- 421	- 13,09 %
Ordes	87	0,68 %	557	4,53 %
Oroso	413	5,91 %	1.243	20,19 %
Tordoia	- 633	- 14,59 %	- 1.007	- 21,37 %
Trazo	- 197	- 5,63 %	- 351	- 9,61 %
COMARCA ORDES	- 1.145	- 4,94 %	- 757	- 5,15 %
Provincia	- 12.753	- 1,11 %	11.391	1,02 %
Galicia	- 47.394	- 1,70 %	- 2.290	- 0,08 %

Fonte: IGE e elaboración propia

Sen embargo, e a pesares desta situación poboacional regresiva da Comarca de Ordes, na actualidade poderíamos falar dunha ralentización deste descenso poboacional, fruto entre outras causas da acción dos distintos programas de desenvolvemento rural aplicados no territorio (Leader + e Leader Galicia 2007-2013). De todos os xeitos, o tamaño poboacional, considerado en valores absolutos, é adecuado para soportar unha nova e necesaria acción de desenvolvemento integral, de ahí a nosa solicitude de axuda, xa que considerase que o umbral poboacional actual (37.687 persoas) é o adecuado para lograr que os novos programas logren os seus obxectivos coa maior eficacia e eficiencia.

4.4.- ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

Distribución por sexos

A distribución por sexos da poboación comarcal mostra dous grupos moi próximos: o 48,96% de homes fronte ao 51,04% son mulleres. Esta maior porcentaxe de poboación feminina está un pouco por baixo da media provincial (51,88%) e rexional (51,65%). Ademais, nos últimos anos as diferenzas entre o número de homes e mulleres na Comarca de Ordes foi paulatinamente reducíndose.


Para coñecer a estrutura da poboación por sexos, recurrimos á taxa de masculinidade, xa que esta indícanos a proporción de homes que existen por cada 100 mulleres, sendo a taxa deste territorio (95,42 %) superior tanto á media provincial (92,75%) como a da propia Comunidade Autónoma (93,62%).

CONCELLO	CENSO POBOACION 2014			TAXA
	HOMES	MULLERES	TOTAL	MASCULINIDADE
Cerceda	2.517	2.639	5.156	95,38%
Frades	1.242	1.243	2.485	99,92%
Mesía	1.391	1.404	2.795	99,07%
Ordes	6.257	6.587	12.844	94,99%
Oroso	3.668	3.732	7.400	98,29%
Tordoia	1.749	1.957	3.706	89,37%
Trazo	1.629	1.672	3.301	97,43%
Comarca Ordes	18.453	19.234	37.687	95,94%
Provincia	545.342	587.987	1.133.329	92,75%
Galicia	1.328.373	1.418.853	2.747.226	93,62%

Táboa da Taxa de masculinidade. Fonte: IGE 2014

A relación entre o número de homes e mulleres (índice de masculinidade) na Comarca de Ordes sitúase no 95,24, superior á media rexional (93,62) e provincial (92,7). O único Concello que está por debaixo da media rexional e provincial é Oroso.

Con todo, a pesar de contar con un alto nivel xeral, por municipios rexístranse grandes oscilacións entre uns e outros como se pode apreciar no gráfico que figura a continuación.



Fonte: IGE 2014. Elaboración propia


Distribución da poboación por sexo e idade (pirámides de poboación)


No que se refire á distribución por sexos da pirámide de poboación, ambos seguen un esquema parecido. Sen embargo, a poboación masculina é maioritaria ata o grupo de idade dos 64, punto no que as mulleres pasan a ter unha maior porcentaxe, debido á súa maior lonxevidade, quedando o total inclinado cara o lado das mulleres cunha pequena diferenza que non chega ós 800 habitantes.



Esta distribución mantense máis ou menos en similares termos en todos os concellos, excepto en Frades, onde a tendencia invéstese e presenta poboación moito máis masculinizada.



Segundo a pirámide de poboación do territorio, obsérvase unha tendencia ó envellecemento, a poboación maior de 65 anos representa para o ano 2014 o 25%. No lado oposto atópase a poboación menor de 15 anos que representa tan so o 11,1%.



Nos estratos de idade máis altos obsérvase un número de mulleres moito maior que o de homes, unha situación que non se dá de forma exclusiva nesta comarca, xa que as pirámides poboacionais da provincia de A Coruña e de Galicia mostran tamén un maior ensanche (aínda máis acusado) da parte superior da pirámide polo lado da poboación feminina.











Gráficos: Pirâmides de poboación segundo idade e sexo. Fonte IGE 2014 e elaboración propia

As pirâmides de poboación mostran unha estrutura por idades desequilibrada, cuns grupos de mozos tanto máis escasos canto menor é a idade, uns estratos entre os 25 e 65 anos moito máis amplos nos que se concentra a maior parte da poboación (alcanzando o máximo entre os 45-50 anos) e uns grupos de maiores de 65 relativamente elevados.


A situación chega a ser alarmante nalgúns concellos (Frades, Mesía, Todoia e Trazo) nos que a poboación nos grupos de idade máis baixos non acada 10%.

Por municipios, as características son similares exceptuando o concello de Oroso que presenta unha estrutura de poboación diferente ó resto de municipios da Comarca. A pauta de envellecemento que sofre en xeral o territorio, acentúase moito, como se pode ver na pirámide de poboación correspondentes ós concello Tordoia e Mesía, ambos por enriba do 30% de habitantes con idade superior ós 64 anos.

Esta forma da pirámide demográfica cunha base moito máis estreita que a parte superior e coa zona intermedia máis ampla, que demostra un envellecemento progresivo a poboación, obsérvase tamén no conxunto da rexión.

En Oroso, pola contra do que ocorre no resto, a base da pirámide de poboación non é o grupo de idade que presenta unha menor porcentaxe senón que esta situación correspóndelles ós grupos de idade máis vellos. O ensanchamiento da pirámide atópase dende os vinte ós corenta anos.

En canto a distribución da poboación da Comarca por idade, pódese observar a mesma a través das seguintes táboas e gráficos



Táboa e gráfico: Estrutura demográfica por grandes grupos de idade.

Fonte: IGE 2014 e elaboración propia

4.5.- PRINCIPAIS INDICADORES DEMOGRÁFICOS

O **crecemento natural** do, territorio é negativo, situación que se ven producindo dende mediados dos oitenta, igual que no resto de Galicia, como podemos observar no seguinte gráfico:




Gráfico: Saldo vexetativo da Comarca de Ordes no período 1975-2014. Fonte IGE e elaboración propia

É preocupante o crecente desequilibrio producido na Comarca entre os nacementos e as defuncións. Mentres os primeiros tenden a decrecer paulatinamente nos últimos anos (casos extremos de Tordoia e Mesía cun nacemento por cada 337 e 310 habitantes respectivamente), as segundas incrementanse como consecuencia do envellecemento da poboación.

Como cabe esperar despois de coñecer a evolución e a estrutura da poboación, o movemento natural da poboación para a Comarca é negativo xa que o **saldo vexetativo é desfavorable** en tódolos municipios agás no concello de Oroso.

Táboa: Saldo vexetativo da Comarca de Ordes 2014.

2014			
	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Cerceda	26	93	- 51
Frades	17	36	- 19
Mesía	9	40	- 32
Ordes	109	139	- 31
Oroso	75	49	29
Tordoia	11	72	- 51
Trazo	17	54	- 32
TOTAIS	264	483	- 187
Provincia	8.202	11.956	- 3.697
Galicia	19.559	29.687	- 10.706

Fonte IGE e elaboración propia

A taxa bruta de natalidade da Comarca é sensiblemente inferior á media provincial e rexional, situándose en 6,24.

A **taxa de natalidade** (número de nados vivos por cada 1.000 habitantes) do territorio (6,24) é sensiblemente inferior á media provincial e rexional. Analizando as taxas por Concellos, soamente

os Concello de Ordes e Oroso supera a media territorial e presentan unha dinámica demográfica máis favorable, dentro dun contexto territorial, provincial e rexional en claro retroceso demográfico, que presenta síntomas irreversibles nos concellos máis rurais (Mesía, Tordoia e Trazo) e nos que a taxa de natalidade está máis de tres puntos e medio por debaixo da media provincial.

CONCELLO	TAXA NATALIDADE	TAXA MORTALIDADE	TAXA CRECIMENTO VEXEATIVO
Cerceda	7,00	16,50	- 9,50
Frades	8,50	14,30	- 5,80
Mesía	2,80	14,90	- 12,10
Ordes	8,80	9,00	- 0,20
Oroso	9,40	6,10	3,30
Tordoia	4,20	15,50	- 11,30
Trazo	3,00	18,00	- 15,00
COMARCA	6,24	13,47	- 7,23
Provincia	7,90	10,50	- 2,60
Galicia	7,60	11,20	- 3,60

Táboa: Taxas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo 2014. Fonte IGE e elaboración propia

A **taxa de mortalidade** (número de falecidos por cada 1.000 habitantes) sitúase moi por enriba da taxa provincial e autonómica. En calquera caso, a taxa susténtase nos datos relativos ao Concello de Oroso (que presenta unha taxa de mortalidade moi baixa xa que conta cunha poboación eminentemente xove) e na do Concello de Ordes. O resto dos concellos presentan unha taxa de mortalidade próximas ou por enriba da media provincial e rexional o que significa que se trata de estruturas demográficas envellecidas, acrecentadas polo elevado número de poboación maior de 60 anos.

O **crecemento vexetativo** (diferencia entre a natalidade e a mortalidade) presenta unha taxa máis negativa e desfavorable (-7,23) que no resto da provincia e da Comunidade Autónoma. O comportamento por concellos presenta diferencias relevantes, sendo moi negativa nos concellos máis rurais, detectándose nalgúns casos valores extremadamente negativos (Mesía, Tordoia e Trazo) que en algún caso é 6 veces superior á media provincial tal e como se pode apreciar nas táboas anteriores. Caso especial é o de Oroso que presenta un crecemento vexetativo favorable ao que podería engadirse Ordes que ten practicamente unha taxa de crecemento vexetativo practicamente equilibrada.

Na seguinte táboa recóllense as **idades medias e os índices de envellecemento e sobreenvellecemento** para cada un dos municipios do territorio así como os datos relativos ó mesmo como conxunto e a súa comparativa cos da provincia e da propia Comunidade Autónoma. Estes datos veñen a confirma-lo exposto ata o momento, é dicir, en xeral trátase dunha poboación dirixida cara o envellecemento na que os grupos de idade maiores cobran unha maior importancia fronte ós grupos de idade máis novos. Así, a idade media da Comarca atópase por riba dos 45 anos e tanto o índice de envellecemento como o de sobreenvellecemento son considerables debido á

xeneralizada maior esperanza de vida e ó descenso da natalidade influído á súa vez por este mesmo envellecemento

	IDADE MEDIA			ENVELLECIMENTO	SOBREENVELLECIMENTO
	Homes	Mulleres	Total		
Cerceda	47,30	50,80	49,10	239,80	14,70
Frades	48,00	51,90	50,00	278,50	18,40
Mesía	49,90	53,00	51,40	313,10	19,10
Ordes	42,80	45,70	44,30	129,80	14,60
Oroso	39,10	40,20	39,60	65,50	17,10
Tordoia	50,70	55,00	53,00	433,00	15,70
Trazo	48,10	51,70	49,90	258,10	18,40
Comarca	46,56	49,76	48,19	245,40	16,86
Provincia	43,70	46,80	45,30	141,00	14,40
Galicia	44,00	47,20	45,60	146,10	15,60

Táboa: Idade media, envellecemento e sobreenvellecemento 2014. Fonte IGE e elaboración propia

O mencionado envellecemento poboacional da Comarca e especialmente dos concellos máis rurais queda patente nos datos do índice de envellecemento, que relacionan o número de persoas de 65 ou máis anos cos menores de 15. En Galicia este índice é de 146,10 persoas maiores por cada 100 mozos, en cambio, na comarca de Ordes este índice sitúase en 245,40, sendo moi preocupantes os casos de Tordoia e Mesía.

Tanto a taxa bruta como a taxa xeral de nupcialidade comarcal está bastante por baixo da media de Galicia de da provincia de A Coruña salvo nos municipios de Cerceda e Ordes.

	TAXA BRUTA NUPCIALIDADE	TAXA XERAL NUPCIALIDADE
Cerceda	3,60	4,00
Frades	-	-
Mesía	-	-
Ordes	3,80	4,40
Oroso	2,90	3,40
Tordoia	-	-
Trazo	-	-
COMARCA	1,47	1,69
Provincia	3,40	3,80
Galicia	3,10	3,50

Táboa: Taxa de nupcialidade 2014. Fonte IGE e elaboración propia


A Comarca tamén perde poboación polo efecto migratorio, agravando a crise demográfica que provoca o saldo vexetativo negativo. O saldo migratorio (base 2014) resulta desfavorable para o territorio xa que o número de emigrantes é maior que o de inmigrantes.

O saldo interno é negativo, é dicir, pérdese poboación debido en parte ó hábito xeneralizado de abandona-las zonas rurais e do interior a favor da costa ou de cidades máis grandes que ofrezan maior número de servizos.

	SALDO INTERNO			SALDO EXTERNO			SALDO TOTAL
	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Total	co resto de España	Co extranxeiro	Total	
Cerceda	-37	-2	-39	5	20	25	-14
Frades	0	2	2	-1	-2	-3	-1
Mesía	-18	2	-16	-7	-3	-10	-26
Ordes	-4	7	3	-5	-19	-24	-21
Oroso	2	-25	-23	-11	-24	-35	-58
Tordoia	-13	5	-8	5	-3	2	-6
Trazo	-8	7	-1	-2	-3	-5	-6
Comarca	-78	-4	-82	-16	-34	-50	-132
Galicia				- 2.364	85	- 2.279	

Táboa: Saldo migratorio 2014. Fonte IGE e elaboración propia

A evolución do saldo migratorio para a década que vai de 1996 a 2005 está reflectida no gráfico seguinte:



Grafica: Evolución temporal do saldo migratorio (2004-2014). Fonte IGE e elaboración propia

Nos anos 2004 ó 2005 o saldo migratorio aumentou lixeiramente; nos seguintes anos experimentou un forte incremento ata o ano 2007. Posteriormente, e derivado da forte crise económica sufrida entre os anos de 2009 a 2013, o saldo migratorio descendeu bruscamente coa salvedade do ano 2012.

O **índice de dependencia senil** é probablemente o que expresa, con maior claridade, o grado de dependencia dunha poboación. O seu valor no caso do territorio de actuación deste GDR ascende ao 43,26 %, o que supón preto de oito puntos maior que o da Comunidade Autónoma e supera en máis de nove puntos á media provincial. En consecuencia o territorio conta cun elevado grado de dependencia senil que condiciona o seu futuro desenvolvemento

	DEPEDENCIA XUVENIL	DEPEDENCIA SENIL
Cerceda	15,30	48,50
Frades	10,60	45,10
Mesía	12,00	53,20
Ordes	19,70	32,70
Oroso	23,20	19,50
Tordoia	8,10	55,50
Trazo	13,30	48,30
Comarca de Ordes	14,60	43,26
Provincia	18,40	34,10
Galicia	18,30	35,60

Táboa: Índices de dependencia- Fonte IGE 2014 e elaboración propia

Outro dato a ter en conta para o futuro da Comarca, é a **substitución xeracional**, e dicir, a relación entre as persoas con idades comprendidas entre 15 e 39 anos (16.544) e as comprendidas entre 40 e 64 anos (12.550), que no caso do territorio ascende a 0,83 que se sitúa preto da media provincial (0,81) e autonómico (0,82).

Táboa: Taxa de reemplazo xeracional.

	GRUPOS IDADE		TAXA REEMPLAZO
	15-39	40-64	
Cerceda	1.371	1.770	0,77
Frades	660	924	0,71
Mesía	706	977	0,72
Ordes	3.973	4.377	0,91
Oroso	2.527	2.619	0,96
Tordoia	859	1.291	0,67
Trazo	845	1.179	0,72
Comarca Ordes	10.941	13.137	0,83
<i>Prov. A Coruña</i>	<i>328.845</i>	<i>407.789</i>	<i>0,81</i>
<i>Galicia</i>	<i>796.647</i>	<i>975.093</i>	<i>0,82</i>

Fonte IGE 2014 e elaboración propia

Polo tanto, a poboación da Comarca está caracterizada por un continuo decrecemento dado en parte polo crecemento vexetativo negativo de tódolos concellos agás do de Oroso. Situación que probablemente tenderá a empeorar debido á cantidade de poboación madura en contra da poboación nova. Por outra banda, a poboación tamén se caracteriza por encontrarse moi dispersa por todo o territorio, existindo unha tendencia á concentración nos núcleos situados en torno á estrada N-550, beneficiando ós municipios de Ordes e Oroso.

5.- MERCADO DE TRABAJO

Un dos aspectos fundamentais que se deben ter en conta á hora de analizar o mercado de traballo nunha zona, é o grao de cualificación profesional da poboación, debido a que este factor vai constituír un soporte fundamental para a mellora da situación e para a atracción de investimentos que xeren novos empregos.

Táboas: Nivel de instrución por Concello.


CONCELLO	ANALFABETOS	SEN ESTUDIOS	PRIMEIRO GRAO	SEGUNDO GRAO	TERCEIRO GRAO	TOTAL
Cerceda	290	1.335	690	2.205	305	4.825
Frades	40	575	400	1.235	160	2.410
Mesía	105	560	540	1.385	55	2.645
Ordes	260	1.750	2.260	5.875	975	11.120
Oroso	65	510	675	3.725	1.040	6.015
Tordoia	200	1.150	795	1.430	90	3.665
Trazo	105	500	675	1.635	130	3.045
Comarca	1.065	6.380	6.035	17.490	2.755	33.725
Provincia	15.085	110.555	161.925	529.195	176.230	992.990
Galicia	35.885	277.925	410.000	1.304.125	383.430	2.411.365

	ANALFABETOS	SEN ESTUDIOS	PRIMEIRO GRAO	SEGUNDO GRAO	TERCEIRO GRAO	TOTAL
Cerceda	6,01%	27,67%	14,30%	45,70%	6,32%	100,00%
Frades	1,66%	23,86%	16,60%	51,24%	6,64%	100,00%
Mesía	3,97%	21,17%	20,42%	52,36%	2,08%	100,00%
Ordes	2,34%	15,74%	20,32%	52,83%	8,77%	100,00%
Oroso	1,08%	8,48%	11,22%	61,93%	17,29%	100,00%
Tordoia	5,46%	31,38%	21,69%	39,02%	2,46%	100,00%
Trazo	3,45%	16,42%	22,17%	53,69%	4,27%	100,00%
Comarca	3,16%	18,92%	17,89%	51,86%	8,17%	100,00%
Provincia	1,52%	11,13%	16,31%	53,29%	17,75%	100,00%
Galicia	1,49%	11,53%	17,00%	54,08%	15,90%	100,00%

Fonte: Estatísticas municipais, INE 2011

Dos datos extraídos das táboas anteriores despéndese que as porcentaxes de poboación analfabeta e sen estudos son moi elevadas o que condiciona o desenvolvemento económico e cultural da Comarca. Non obstante, ao longo dos últimos anos a situación ben mellorando.


Gráfica: Porcentaxes de poboación segundo o seu nivel de instrución.



Fonte: Estatísticas municipais, INE 2011

Por Concellos manifestase o maior nivel de analfabetismo e de poboación sen estudos nas localidades de Tordoia e Cerceda, mentres Ordes e Oroso destacan nos tramos altos de cualificación.

Gráfica: Nivel de instrucción por Concello.



Fonte: Estatísticas municipais, INE 2011

En resumo, o territorio presenta unha situación non demasiado favorable en canto ó nivel de cualificación dos recursos humanos tendendo, non obstante, esta situación a remitir. Os polos de desenvolvemento económico atendendo ao nivel de cualificación profesional situaríanse en Oroso, e Ordes.

Áreas de mercado

As actividades económicas xeran unha serie de fluxos de persoas e capitais, por motivos laborais y de satisfacción de bens e servizos, que configuran áreas de atracción dos centros comarcais ou, polo contrario de dependencia doutros exteriores.

O centro de mercado principal e indiscutible é Ordes, e a súa área de atracción e todo o territorio, pero a súa influencia é especialmente palpable sobre os Concellos de Tordoia, Trazo, Mesía e Frades.

Outro centro importante é Oroso, onde estase a asentar poboación procedente de Santiago de Compostela.

Haberá que destacar tamén o papel desenvolto polas cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, que polo seu carácter de capital da Comunidade Autónoma e da provincia respectivamente, contan cunhas dotacións que non dispón ningún centro na comarca, polo que se deixa sentir unha atracción crecente (particularmente nos Concellos mais próximos a elas) y sobre todo nos aspectos administrativos e en aqueles de certa especialización.

Contratos rexistrados. Variación interanual

Os contratos rexistrados na Comarca de Ordes no ano 2015 ascenderon a 7.332 o que supón o 2,02% dos contratos rexistrados na provincia e o 0,84% dos rexistrados na Comunidade Autónoma.

Táboa: Evolución da contratación no período 2008-2015

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Cerceda	1.636	1.528	1.451	1.474	1.448	1.774	2.277	2.009
Frades	220	171	169	183	215	260	207	190
Mesía	290	204	212	219	310	341	324	350
Ordes	2.608	1.910	1.591	1.694	2.122	2.671	2.845	3.220
Oroso	1.134	926	904	761	931	845	1.095	1.166
Tordoia	251	248	198	210	162	164	186	189
Trazo	177	151	213	175	172	174	236	208
COMARCA	6.316	5.138	4.738	4.716	5.360	6.229	7.170	7.332
Provincia	343.158	290.351	289.341	282.451	293.918	293.596	326.623	363.350
Galicia	794.710	683.131	680.624	671.449	693.365	706.778	786.193	877.834

Fonte IGE e elaboración propia

Como podemos observar na seguinte táboa, na Comarca de Ordes no período 2008-2011 constátase unha tendencia negativa na contratación, moi por encima das porcentaxes que se dan na provincia de A Coruña e na propia Comunidade Autónoma. Esta tendencia negativa reverte a partir de 2012, o que fai que entre 2012 e 2015 a variación interanual dos contratos rexistrados sexa moito máis positiva que a da media da provincia de A Coruña e da Comunidade Autónoma.

Táboa: Variación interanual dos contratos rexistrados no período 2008-2015


	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2008-2015
Cerceda	-6,60%	-5,04%	1,59%	-1,76%	22,51%	28,35%	28,35%	22,80%
Frades	-22,27%	-1,17%	8,28%	17,49%	20,93%	-20,38%	-20,38%	-13,64%
Mesía	-29,66%	3,92%	3,30%	41,55%	10,00%	-4,99%	-4,99%	20,69%
Ordes	-26,76%	-16,70%	6,47%	25,27%	25,87%	6,51%	6,51%	23,47%
Oroso	-18,34%	-2,38%	-15,82%	22,34%	-9,24%	29,59%	29,59%	2,82%
Tordoia	-1,20%	-20,16%	6,06%	-22,86%	1,23%	13,41%	13,41%	-24,70%
Trazo	-14,69%	41,06%	-17,84%	-1,71%	1,16%	35,63%	35,63%	17,51%
COMARCA	-18,65%	-7,79%	-0,46%	13,66%	16,21%	15,11%	15,11%	16,09%
Provincia	-15,39%	-0,35%	-2,38%	4,06%	-0,11%	11,25%	11,25%	5,88%
Galicia	-14,04%	-0,37%	-1,35%	3,26%	1,93%	11,24%	11,24%	10,46%

Fonte IGE e elaboración propia


No período 2008-2015 a Comarca de Ordes experimentou un incremento interanual no número de contratos rexistrados case 11 puntos superior ao da media galega e preto de 11 puntos por encima da media provincial.

Evolución da contratación

En relación a evolución da contratación na Comarca comparadas coa da provincia de A Coruña e da propia Comunidade Autónoma pódese observar nas seguintes gráficas nas que se manifesta un certo paralelismo constatándose unha tendencia descendente entre os anos 2008 e 2011 e un repunte das mesmas a partir do ano 2015.


Gráfica: Evolución da contratación na Comarca de Ordes no período 2008-2015*Fonte IGE e elaboración propia*

Gráfica: Evolución da contratación na provincia de A Coruña (2008 – 2015)



Fonte IGE e elaboración propia

Gráfica: Evolución da contratación en Galicia. Período 2008-2015



Fonte IGE e elaboración propia


Caracterización da contratación

Ao igual que se observa na provincia de A Coruña e no conxunto da rexión galega, na Comarca de Ordes a maior parte dos contratos rexistrados son de homes, unha circunstancia que se repite en todos os municipios profundándose este desequilibrio nos concellos máis rurais (Trazo ou Mesía). Faise preciso salientar o feito de que a porcentaxe de contratación de mulleres está máis de 6 puntos por debaixo da media provincial e case 5 puntos da media galega.

Táboa: Contratos rexistrados por sexo. Ano 2015

CONCELLO	HOMES		MULLERES		TOTAIS
	Nº	%	Nº	%	
Cerceda	1.430	71,18%	579	28,82%	2.009
Frades	121	63,68%	69	36,32%	190
Mesía	261	74,57%	89	25,43%	350
Ordes	1.419	44,07%	1.801	55,93%	3.220
Oroso	725	62,18%	441	37,82%	1.166
Tordoia	121	64,02%	68	35,98%	189
Trazo	149	71,63%	59	28,37%	208
COMARCA	4.226	57,64%	3.106	42,36%	7.332
Provincia	185.744	51,09%	177.786	48,91%	363.530
Galicia	463.352	52,80%	414.282	47,20%	877.634

Fonte: IGE. Elaboración propia

Gráfico: Contratos rexistrados por nivel formativo. Comarca de Ordes**Fonte: IGE 2015. Elaboración propia**

Máis da metade dos contratos rexistrados no ano 2015 na Comarca de Ordes responden a persoas cun nivel de estudos secundarios.

CONTRATOS REXISTRADOS POR NIVEL FORMATIVO											
	Total	Analfabetos		Estudos primarios		Estudos secundarios		Estudos superiores		Sen clasificar	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Cerceda	2.009	260	12,94%	373	18,57%	1.114	55,45%	260	12,94%	2	0,10%
Frades	190	9	4,74%	66	34,74%	90	47,37%	24	12,63%	1	0,53%
Mesía	350	2	0,57%	126	36,00%	206	58,86%	15	4,29%	1	0,29%
Ordes	3.220	24	0,75%	1.468	45,59%	1.593	49,47%	131	4,07%	4	0,12%
Oroso	1.166	14	1,20%	201	17,24%	832	71,36%	118	10,12%	1	0,09%
Tordoia	189	3	1,59%	95	50,26%	72	38,10%	18	9,52%	1	0,53%
Trazo	208	2	0,96%	41	19,71%	156	75,00%	8	3,85%	1	0,48%
COMARCA	7.332	314	4,28%	2.370	32,32%	4.063	55,41%	574	7,83%	11	0,15%
Provincia	363.530	14.655	4,03%	74.464	20,48%	222.047	61,08%	51.817	14,25%	547	0,15%
Galicia	877.834	40.653	4,63%	179.197	20,41%	544.605	62,04%	112.243	12,79%	1.136	0,13%

Fonte: IGE 2015. Elaboración propia

Faise preciso salientar o caso do Concello de Cerceda, onde case o 13 % dos contratos rexistrados corresponden a persoas sen estudos.

As persoas con contrato na Comarca e nivel de estudos superiores sitúanse a cinco puntos da media galega e case á metade da media provincial.

Estes datos poñen de manifesto que o “perfil tipo” do contratado rexistrado na nosa bisbarra responde a un home, cun nivel formativo de estudos. Con todo, debe de terse en conta que leste “perfil tipo” responde á agrupación de variables que non foron cruzadas entre se, polo que debe de tomarse coa necesaria cautela.

Distribución sectorial dos contratos rexistrados


Os contratos rexistrados por sectores na bisbarra de Ordes teñen reflexo na distribución sectorial do emprego rexistrado. Así, o sector servizos é o que se rexistra un maior número de contratos e, aínda que non chega á porcentaxe media provincial nin rexional, supera o 61 % do total de contratos rexistrados: En cambio, o resto de sectores a que supera ao da rexión, salientando o sector industrial onde a porcentaxe de contratos rexistrados supera en máis de 10 puntos a media rexional e en máis do dobre da porcentaxe media provincial. Asemade, no sector primario existe tamén unha maior porcentaxe de contratación que no resto da Comunidade Autónoma.

Táboa: Distribución dos contratos rexistrados por sectores e Concellos 2015.

	Total	Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Cerceda	2.009	93	4,63%	1.140	56,74%	187	9,31%	589	29,32%
Frades	190	39	20,53%	30	15,79%	18	9,47%	103	54,21%
Mesía	350	73	20,86%	128	36,57%	15	4,29%	134	38,29%
Ordes	3.220	75	2,33%	373	11,58%	210	6,52%	2.562	79,57%
Oroso	1.166	41	3,52%	80	6,86%	164	14,07%	881	75,56%
Tordoia	189	31	16,40%	29	15,34%	26	13,76%	103	54,50%
Trazo	208	42	20,19%	30	14,42%	18	8,65%	118	56,73%
COMARCA	7.332	394	5,37%	1.810	24,69%	638	8,70%	4.490	61,24%
<i>Provincia</i>	<i>363.530</i>	<i>8.403</i>	<i>2,31%</i>	<i>40.360</i>	<i>11,10%</i>	<i>23.079</i>	<i>6,35%</i>	<i>291.688</i>	<i>80,24%</i>
<i>Galicia</i>	<i>877.834</i>	<i>27.814</i>	<i>3,17%</i>	<i>125.669</i>	<i>14,32%</i>	<i>50.042</i>	<i>5,70%</i>	<i>674.309</i>	<i>76,82%</i>

Fonte: IGE. Elaboración propia

Por municipios, chama a atención o elevado número de contratos rexistrados no sector industrial en Cerceda (56,74 %) no sector primario en Frades, Mesía e Trazo (en todos os casos por encima do 20 %) e da construción en Oroso e Tordoia (superan en máis do dobre a media rexional).

Gráfico: Distribución dos contratos rexistrados por sectores na Comarca de Ordes 2015***Fonte: IGE. Elaboración propia***

Afiliacións á Seguridade Social

O número de afiliacións á seguridade social na Comarca de Ordes alcanza, no mes de decembro de 2014, as 11.515 altas (o 3,03 % da provincia de A Coruña e o 1,28 % de toda Galicia), un dato conxuntural cuxa distribución sectorial vén confirmar a análise realizada coas cifras medias anuais de emprego: os servizos dan lugar á maior porcentaxe de altas (44,11 %) pero a súa achega é relativamente baixa en comparación cos datos da provincia de A Coruña (73,80 %) e da Comunidade Autónoma (71,94 %), nos que de novo compróbase que 3 de cada 4 empregos teñen lugar nas actividades terciarias. Pola contra destaca a importancia en canto a volume de afiliacións o sector primario que alcanza o 19,82 % do total, mentres tanto na provincia como na propia Comunidade Autónoma non chega ó 7 %. O mesmo ocorre no sector industrial que participa no emprego cunha taxa moito maior que o resto da rexión (23,32 % de afiliacións fronte ao 12,34 % do resto da provincia e do 13,78 % no conxunto de rexión); e por último un peso relativamente importante do sector da construción.

Tamén a nivel municipal a información sobre afiliacións por sectores confirman as análises realizadas cos datos medios anuais de emprego poñendo de manifesto que o sector primario ten unha maior relevancia na xeración os municipios máis rurais (en Frades chega a supoñer máis da metade das afiliacións), aínda que tamén no concello máis poboado e eminentemente urbano como é Ordes presenta afiliacións no sector da agricultura e gandería por encima da media comarcal.

AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE						
	AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	NON CONSTA	TOTAL
Cerceda	174	518	181	987	3	1.863
Frades	342	127	86	40	1	596
Mesía	363	187	84	442	3	1.079
Ordes	464	1.068	521	281	5	2.339
Oroso	221	419	289	2.166	2	3.097
Tordoia	388	214	147	522	6	1.277
Trazo	330	152	141	641	-	1.264
COMARCA	2.282	2.685	1.449	5.079	20	11.515
PROVINCIA	23.269	46.930	28.976	280.591	464	380.230
GALICIA	60.477	124.129	66.832	648.162	1.392	900.992

	AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	NON CONSTA
Cerceda	9,34%	27,80%	9,72%	52,98%	0,16%
Frades	57,38%	21,31%	14,43%	6,71%	0,17%
Mesía	33,64%	17,33%	7,78%	40,96%	0,28%
Ordes	19,84%	45,66%	22,27%	12,01%	0,21%
Oroso	7,14%	13,53%	9,33%	69,94%	0,06%
Tordoia	30,38%	16,76%	11,51%	40,88%	0,47%
Trazo	26,11%	12,03%	11,16%	50,71%	0,00%
Comarca	19,82%	23,32%	12,58%	44,11%	0,17%
PROVINCIA	6,12%	12,34%	7,62%	73,80%	0,12%
GALICIA	6,71%	13,78%	7,42%	71,94%	0,15%

Fonte: IGE decembro 2014. Elaboración propia

A análise das afiliacións segundo réxime de cotización confirman de novo as conclusións obtidas ao analizar a media anual de empregos asalariados e non asalariados: a maior parte das afiliacións danse en réximes no que se encadran empregos asalariados (65,49 % no réxime xeral); con todo, a porcentaxe de afiliacións en réxime de autónomos (31,16 %) é moi elevado se o comparamos co do resto da provincia (23,01 %) e da rexión (24,06 %).

Táboa: Afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de cotización

TERRITORIO	XERAL E CARBÓN	AUTÓNOMOS	AGRARIO	MAR	FOGAR	TOTAL
Cerceda	1.307	503	10	10	33	1.863
Frades	477	464	32	-	13	986
Mesía	581	435	47	-	16	1.079
Ordes	3.377	1.342	39	2	111	4.871
Oroso	2.349	660	12	1	75	3.097
Tordoia	665	577	16	1	18	1.277
Trazo	699	517	15	-	33	1.264
Comarca	9.455	4.498	171	14	299	14.437
Provincia	270.911	87.506	1.563	8.744	11.506	380.230
Galicia	632.797	216.767	4.347	19.670	27.411	900.992
% Comarca/ Provincia	3,49%	5,14%	10,94%	0,16%	2,60%	3,80%
% Comarca/ Galicia	1,49%	2,08%	3,93%	0,07%	1,09%	1,60%

Fonte: IGE decembro 2014. Elaboración propia






Gráfico: Afiliacións á Seguridade Social segundo réxime de cotización

Fonte: IGE 2014. Elaboración propia

En relación a evolución das afiliacións da Comarca comparadas coas da Comunidade Autónoma pódese observar nas seguintes gráficas nas que se manifesta un certo paralelismo constatándose unha tendencia descendente entre os anos 2011 e 2013 e un repunte das mesmas no ano 2015.



Evolución do número de asalariados Comarca de Ordes 2011-2015. Fonte IGE. Elaboración propia



Evolución do número de asalariados Galicia 2011-2015. Fonte IGE. Elaboración propia

Índice de paro estimado. Variación interanual

Segundo o índice de paro (% parados respecto da poboación en idade de traballar) referido ó mes de decembro de 2015 no territorio da comarca de Ordes, soamente en un dos Concellos (Ordes) supérase a media provincial e ningún excede a media rexional. Con todo, a proporción de parados respecto da poboación en idade de traballar máis alta do resto de municipios dáse en Ordes, que agrupa case o 35 % da poboación en idade de traballar da Comarca e rexistra un índice de paro do 12,77 % en decembro de 2015.

Táboa: Índice de paro estimado e paro rexistrado. Evolución interanual.

	% PARADOS RESPECTO DA POBOACION EN IDADE DE TRABALLAR			PARO REXISTRADO (Nº PARADOS)		
	Decembro 2014	Decembro 2015	Var. Interanual	Decembro 2014	Decembro 2015	Var. Interanual
CERCEDA	9,61%	8,88%	-0,73%	298	271	-9,06%
FRADES	10,60%	10,02%	-0,58%	166	154	-7,23%
MESÍA	10,30%	9,65%	-0,65%	171	156	-8,77%
ORDES	13,27%	12,77%	-0,50%	1.096	1.037	-5,38%
OROSO	11,65%	9,93%	-1,72%	593	503	-15,18%
TORDOIA	10,01%	8,77%	-1,25%	213	179	-15,96%
TRAZO	10,00%	9,11%	-0,88%	201	179	-10,95%
COMARCA	11,50%	10,59%	-0,90%	2.738	2.479	-9,46%
PROVINCIA	13,63%	12,51%	-1,12%	99.233	89.920	-9,38%
GALICIA	14,36%	13,23%	-1,13%	251.648	228.808	-9,08%

Fonte: IGE. Elaboración propia. Período 2014-2015

Na comparativa interanual constátase que a porcentaxe de parados respecto da poboación en idade de traballar sofre un descenso en relación ao mesmo período do ano anterior. Con todo, este descenso é inferior ó producido tanto a nivel provincial como a nivel rexional.

Paro rexistrado. Variación interanual

No mes de decembro de 2015 rexístrase unha media de 2.479 parados na Comarca de Ordes, que supón unha porcentaxe relativamente baixa do total inscritos no conxunto da rexión (1,08 %).


Como cabe esperar, a maior parte (case o 63%) dos parados rexístrase nos concellos de Ordes e Oroso que concentran tamén unha maior poboación en idade de traballar.

A evolución do paro rexistrado segue unha tendencia descendente similar á vista coa porcentaxe de parados respecto da poboación en idade de traballa, cunha diminución en todos os concellos. Con todo, a diferenza do que ocorre co índice de parados cuxo descenso na comarca era moito máis suave que no conxunto de Galicia, a redución proporcional do número de parados rexistrados no último ano é máis elevada que a media provincial e rexional.

Evolución do paro rexistrado

A curva que marca a evolución do paro rexistrado nos sete últimos anos na Comarca de Ordes mostra unha tendencia inicial ascendente, que se estabiliza no cuarto ano, xusto antes de sufrir un importante descenso entre os anos 2012 e 2015. Esta evolución é máis marcada no caso do paro rexistrado masculino, no que a curva, tanto ascendente como descendente mostra unha maior inclinación.

Gráfico: Evolución do paro rexistrado segundo sexo. Comarca de Ordes
Período: 2008-2014



Fonte: IGE. Elaboración propia

Caracterización do paro rexistrado


Ao igual que se observa na provincia de A Coruña e no conxunto da rexión galega, na Comarca de Ordes a maior parte dos parados son mulleres, unha circunstancia que se repite en todos os municipios máis urbanos (Ordes, Oroso, Cerceda) onde se acadan porcentaxes do 60% de paro feminino, mentres nos concellos máis rurais (Mesía, Tordoia e Trazo) o paro feminino é inferior ó masculino.

Táboa: Paro rexistrado por sexo

TERRITORIO	HOMES		MULLERES		TOTAL
	Nº	%	Nº	%	
Cerceda	105	40,86%	152	59,14%	257
Frades	77	49,04%	80	50,96%	157
Mesía	77	53,10%	68	46,90%	145
Ordes	402	41,23%	573	58,77%	975
Oroso	193	39,71%	293	60,29%	486
Tordoia	93	55,03%	76	44,97%	169
Trazo	90	53,89%	77	46,11%	167
COMARCA	1.037	44,02%	1.319	55,98%	2.356
Provincia	39.196	45,31%	47.319	54,69%	86.515
Galicia	100.815	45,39%	121.277	54,61%	222.092

Período: Decembro 2015 - Fonte: IGE. Elaboración propia

Gráfico: Paro rexistrado por grupos de idade. Comarca de Ordes




Ano 2014 - Fonte: IGE. Elaboración propia

A maior parte das persoas rexistradas como demandantes de emprego teñen entre 26 e 55 anos; en cambio hai unha baixa proporción de paro rexistrado entre os menores de 25 anos da Comarca, que supón tan só o 5.95 % do total (por baixo da media rexional) o cal non significa necesariamente que non existan mozos desocupados nese tramo de idade (puidese ser que estean rematando os seus estudos).

Gráfico: Paro rexistrado por titulación. Comarca de Ordes

Ano 2014 – Fonte: IGE. Elaboración propia



Unha abafadora porcentaxe dos parados rexistrado na Comarca teñen nivel académico de Certificado de Escolaridade e de ensino obrigatorio.

**Gráfico: Actividades económicas con maior porcentaxe de paro rexistrado. Comarcas de Ordes
Ano 2014 - Fonte: IGE. Elaboración propia**





Gráfico: Ocupacións máis demandadas. Comarca de Ordes - Ano 2014



Fonte: IGE. Elaboración propia

Quizais como consecuencia da cualificación dos parados rexistrados, tamén se observa unha porcentaxe relativamente alta daqueles que buscan emprego demandan ocupacións de baixa cualificación.

Estes datos poñen de manifesto que o “perfil tipo” do parado rexistrado na nosa bisbarra responde a unha muller, de entre 26 e 55 anos de idade, cun nivel de cualificación equivalente á certificado de escolaridade e que busca emprego de baixa cualificación (persoal de limpeza, dependenes de comercio, etc) preferentemente no sector servizos . Con todo, debe de terse en conta que leste “perfil tipo” responde á agrupación de variables que non foron cruzadas entre se, polo que debe de tomarse coa necesaria cautela.

Distribución sectorial do paro rexistrado

As achegas dos diferentes sectores ao emprego comarcal teñen reflexo na distribución sectorial do paro rexistrado. Así, o sector servizos é o que se rexistra un maior número de parados e, aínda que non chega á porcentaxe media provincial nin rexional, non deixa de ser relativamente alto tendo en

conta a baixa terciarización do emprego comarcal. En cambio, o resto de sectores teñen unha achega relativa ao paro rexistrado que supera ao da rexión. A pesar diso, no sector primario esta maior achega non alcanza os niveis tan elevados comentados ao analizar a distribución sectorial do emprego.

Táboa: Distribución do Paro rexistrado por sectores e Concellos 2015.


	AGRICULTURA E PESCA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
Cerceda	2,95%	21,40%	23,25%	48,34%	4,06%
Frades	5,19%	17,53%	25,32%	49,35%	2,60%
Mesía	12,82%	22,44%	16,03%	41,03%	7,69%
Ordes	4,15%	27,48%	18,71%	44,36%	5,30%
Oroso	3,58%	10,54%	17,89%	61,43%	6,56%
Tordoia	5,59%	18,99%	24,02%	47,49%	3,91%
Trazo	8,38%	10,61%	23,46%	51,96%	5,59%
Comarca	4,92%	20,61%	20,01%	49,13%	5,32%
Provincia	2,76%	12,65%	13,21%	61,20%	10,19%
Galicia	4,03%	12,61%	12,30%	63,14%	7,92%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Un dato destacable é a baixa porcentaxe (en relación co que se observa no conxunto da provincia e da rexión) de parados que se rexistran como demandantes de primeiro emprego, que se sitúa no 5,32 %.

Por municipios, chama a atención o elevado número de parados rexistrados no sector servizos en Oroso, no sector primario en Mesía e da industria en Ordes (supera en máis do dobre a media rexional).

Gráfico: Distribución do paro rexistrado por sectores na Comarca de Ordes 2015



Fonte: IGE. Elaboración propia

Distribución espacial de indicadores do mercado de traballo

Unha das conclusións que se obteñen da análise da distribución espacial dos datos do mercado de traballo, é que -en termos xerais- naquelas zonas onde hai maior emprego dentro dunha determinada actividade, o paro rexistrado é maior, coa excepción do sector servizos.

Isto xa se deixou entrever ao analizar a distribución sectorial do paro rexistrado. O feito de que a maior parte dos traballadores en activo que non están ocupados inscríbense nas oficinas de paro dentro daqueles sectores nos que desenvolveron un traballo anterior e de que a porcentaxe de primeiros demandantes sexa relativamente baixo, explica estes resultados. Con todo, se hai que sinalar que en moitos municipios esta relación entre paro e emprego no caso do sector servizos non é obvia e mesmo se inviste. A explicación podería estar no feito de que se trata dun sector no que dispoñer de cualificación profesional ou experiencia laboral non é un requisito tan necesario como no resto, o que induce a que un número alto de traballadores provenientes da construción ou o sector primario demanden emprego no sector servizos.

6.- ESTRUCTURA PRODUTIVA

Neste epígrafe internarémonos no sistema produtivo, o que ten como o comportamento das distintas ramas de actividade económica que teñen un maior dinamismo dentro da comarca.

A análise da produtividade sectorial, a renda familiar bruta dispoñible e o número de licenzas empresariais, conforman os índices cuantitativos necesarios para medir a actividade económica dun territorio e a súa evolución temporal. A comparativa da situación económica da comarca con respecto ao resto da rexión, proporcionaranos o coñecemento da realidade na que se atopa.

O seguinte diagnóstico sectorial, no que se analizan estes e outros indicadores, permite profundar no estudo socioeconómico dos sete municipios que forman a comarca de Ordes e a súa contribución á economía provincial e rexional.

Produtividade: Produto Interior Bruto e Valor engadido bruto comarcal

Produto Interior Bruto

Segundo datos extraídos do IGE (ano de referencia 2012), a comarca de Ordes achega á economía rexional un Produto Interior Bruto de 850.766 miles de euros, equivalente a un escaso 1,57% do PIB rexional.

Táboa: Produto Interior Bruto por Concello en miles de euro e en euros por habitante.

	Miles euros	Euros x habitante
Cerceda	344.308	64.988
Frades	40.385	15.503
Mesía	60.417	20.884
Ordes	208.602	15.953
Oroso	108.394	14.910
Tordoia	43.509	10.695
Trazo	45.151	13.319
Comarca de Ordes	850.766	22.322
Provincia	24.468.430	21.465
Galicia	54.232.912	19.599
% Comarca Ordes s/ Provincia	3,48%	
% Comarca Ordes s/Com. Autónoma	1,57%	

Fonte: IGE. Elaboración propia

Esta reducida participación na economía rexional non deixa de ser un efecto do abandono demográfico e económico -que sufriu a comarca como resultado da reconversión agraria-, o envellecemento da poboación e a escasa diversificación de actividades existentes que se traducen na existencia de fortes desequilibrios económicos con respecto ao resto da rexión.

En canto ao PIB por habitante a Comarca de Ordes aporta unha cantidade superior a media provincial e rexional. Con todo, esta cifra é enganosa xa que todos os municipios, excepto Cerceda, sitúanse por baixo das citadas medias.

Valor engadido Bruto

Táboa: Valor Engadido Bruto (en miles de euros) por Sector produtivo na Comarca de Ordes. Ano 2010

	Comarca Ordes	Provincia	Galicia	% s/provincia	% s/ C.A.
Agricultura e pesca	109.923	858.743	2.492.418	12,80%	4,41%
Industria, incluída a enerxía	291.172	3.983.904	9.269.079	7,31%	3,14%
Construción	63.677	1.743.538	3.897.771	3,65%	1,63%
Servizos	300.105	15.850.146	33.987.293	1,89%	0,88%
TOTAL	764.877	22.436.331	49.646.561	3,41%	1,54%

Fonte: IGE. Elaboración propia

A agricultura e a pesca, a pesar de ter unha participación baixa na economía comarcal, só un 14,37 % (109.923 miles de euros), si se mostra bastante destacado no VAB do sector primario provincial (12,80%) e rexional, achegando a este un 4,41 %. O aproveitamento máis importante é o gandeiro a través da produción de leite con destino á industria láctea.

Os servizos (300.105 miles de euros) e a industria (291.172 miles de euros) representan os sectores económicos de maior peso específico na economía da comarca

Os servizos continúan sendo o sector que máis achega á economía comarcal, un 39,24 %. Con todo é relativamente baixo con respecto á media que achegan as actividades terciarias no conxunto da rexión, que se sitúa nun 68,46%. O comercio a hostalería e os transportes, son as actividades económicas que máis contribúen ao sector na comarca. Con todo, soamente supón un 0,88% á economía rexional, bastante por baixo do que -como vimos- supón o sector primario.


A actividade industrial tamén representa unha achega importante á economía comarcal, cun 38,07%, aportando o 7,31% do valor engadido industrial da provincia e o 3,14 % no conxunto da rexión.

Por último, o sector da construción, representa un 8,33% do VEB comarcal (63.377 miles de euros), similar ao provincial (7,77%) e ó rexional, que alcanza un 7,85% sobre o VEB total da rexión. Mentres que o resto dos sectores manteñen en niveis máis ou menos estables a súa participación na economía, a construción sofre un pequeno retroceso, motivado pola crise que sofre esta actividade.

Táboa: Porcentaxe do Valor Engadido Bruto por Sector produtivo. Ano 2010

	Comarca Ordes	Provincia	Galicia
Agricultura e pesca	14,37%	3,83%	5,02%
Industria, incluída a enerxía	38,07%	17,76%	18,67%
Construción	8,33%	7,77%	7,85%
Servizos	39,24%	70,64%	68,46%
TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Gráfico: Distribución do V.E.B. por sectores de actividade. 2010

Fonte: IGE. Elaboración propia

En resumo, a Comara de Ordes presenta unha economía na que o maior peso recae no sector servizos, aínda que está pouco terciarizada en comparación con outros territorios da rexión, cun peso importante da actividade industrial no conxunto da economía comarcal; unha importancia da industria que non debe levarnos a equívoco, pois se trata da achega de grandes industrias localizadas en concellos moi concretos.

Outra das conclusións extraídas da análise, é o pouco peso específico da economía comarcal na economía rexional, excepción feita da achega do sector primario.

Aínda que vimos unha descrición xeral da estrutura produtiva da Comarca, hai que sinalar as notables diferenzas que existen entre os diferentes concellos, ou máis concretamente, entre dúas zonas ben definidas desde o punto de vista xeográfico, social e económico e produtivo: os Concellos eminentemente máis urbanos (Cerceda, Ordes e Oroso), máis poboados e reanimados economicamente e a zona máis rural, despoblada e cunha actividade económica escasa, baseada no sector primario e apenas diversificada.

Renda dispoñible bruta. Índice

A renda dispoñible bruta por habitante do ano 2009 (último dato dispoñible) nos municipios da comarca ascende a 13.174 € por habitante, sendo inferior tanto a á media rexional (14.965 €/hab) como a provincial (15.760 €/hab). Todos os municipios da nosa bisbarra teñen unha renda dispoñible bruta por habitante inferior á media provincial e da Comunidade Autónoma.

O municipio da comarca que ocupa o posto máis afastado desta media rexional é Tordoia (posto 205 con 11.836 euros). Do resto concellos comarcais, só Ordes con 14.032 euros e Oroso con 14.098 € logran situarse na primeira metade da lista ocupando os postos 65 e 70 respectivamente, Frades sitúase no posto 102 (13.524 euros), Cerceda no 107 (13.384 euros), Mesía non 132 (12.992 €) e Trazo no 169 (12.356 euros). Os datos expostos practicamente non variaron respecto do ano 2000.

Observamos de novo as diferenzas que existen entre os dous concellos máis urbanos (Oroso e Ordes) e os máis rurais (Tordoia, Trazo e Mesía).

Táboa: Renda dispoñible bruta por Concello e Habitante. Índice de renda dispoñible. Ano 2009

	Renda dispoñible bruta (MILES DE €)	Renda dispoñible bruta hab (€)	Índice Renda Dispoñible Bruta por hab
Cerceda	73.985	13.384	89,40%
Frades	36.203	13.524	90,40%
Mesía	38.288	12.992	86,80%
Ordes	179.793	14.032	93,80%
Oroso	98.953	14.098	94,20%
Tordoia	50.941	11.836	79,10%
Trazo	43.209	12.356	82,60%
COMARCA	521.372	13.174	89,80%
A CORUÑA	18.060.688	15.760	105,30%
GALICIA	41.857.615	14.965	100,00%

Fonte: IGE. Elaboración propia

O Índice de Renda dispoñible por habitante sitúase a case 11 puntos porcentuais da media da Comunidade Autónoma e máis de 14 puntos do índice provincial e no caso de Tordoia, a desviación supera os 20 puntos porcentuais.

Outros indicadores produtivos

O número de licenzas do Imposto de Actividades Económicas é outro indicador significativo da realidade económica da comarca. No ano 2011 alcanza un total de 3.983 actividades económicas rexistradas, que supoñen o 6,00 % das existentes na provincia de A Coruña

Táboa: Licenzas IAE. Ano 2011

TERRITORIO	Industria		Construción		Servizos		TOTAL
	Número	%	Número	%	Número	%	
Cerceda	69	13,19%	81	15,49%	373	71,32%	523
Frades	17	6,97%	44	18,03%	183	75,00%	244
Mesía	35	13,78%	37	14,57%	182	71,65%	254
Ordes	128	7,69%	243	14,60%	1.293	77,70%	1.664
Oroso	61	7,87%	115	14,84%	599	77,29%	775
Tordoia	22	7,69%	68	23,78%	196	68,53%	286
Trazo	27	11,39%	53	22,36%	157	66,24%	237
Comarca de Ordes	359	9,01%	641	16,09%	2.983	74,89%	3.983
Provincia	4.884	7,36%	9.603	14,47%	51.897	78,18%	66.384
% Comarca s/ Provincia	7,35%		6,67%		5,75%		6,00%

Fonte: Cámara de Comercio de A Coruña. Elaboración propia

O sector servizos abarca un 74,89 % das licenzas empresariais da comarca; a construción o 16,09 % e o industrial un 9,01.

Doutra banda, máis dun 41 % do número de licenzas concéntranse no municipio de Ordes, a cabeceira da comarca. E queda reflectido, unha vez máis, o desequilibrio territorial existente entre os municipios máis urbanos (Cerceda, Ordes e Oroso) que acaparan un 83,20% do total de licenzas da comarca con respecto ós mais rurais (Mesía, Frades, Tordoia e Trazo).

Outro indicador da actividade económica é o "índice de actividade económica", que se obtén en función do imposto correspondente ao total de actividades económicas empresariais e expresa a participación económica (en tanto por 100.000) de cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades equivalente á recadación do imposto de actividades económicas empresariais e profesionais. No ano 2013, este índice fixouse en 68, o que supón o 3,00 % do índice de actividade provincial e o 1,31 % do índice de actividade rexional. Cerceda, cun índice de 33 sitúase no posto vixésimo da lista de municipios galegos; e no outro extremo atópanse Frades, Tordoia e Trazo cun índice de actividade 2; séguelle Mesía, cun índice 4. No tramo intermedio atópase Oroso, con índice de actividade de 8, e nun tramo alto sitúase Ordes, que cun índice e actividade de 17 figura no posto 50 do total de municipios galegos

Táboa: Índice de Actividade Económica

TERRITORIO	Índice de Actividade Económica		Crecemento 2006-2013
	2006	2013	
Cerceda	31	33	6,45%
Frades	2	2	0,00%
Mesía	3	4	33,33%
Ordes	19	17	-10,53%
Oroso	7	8	14,29%
Tordoia	2	2	0,00%
Trazo	2	2	0,00%
Comarca de Ordes	66	68	3,03%
Provincia	2.269	2.264	-0,22%
Galicia	5.334	5.204	-2,44%
% Comarca s/ Provincia	2,91%	3,00%	
% Comarca s/Galicia	1,24%	1,31%	

Fonte: Anuario económico 2013. "La Caixa"

É destacable sinalar que todos os municipios fóra de Cerceda e Ores atópanse por baixo da media rexional que no ano 2013, alcanzou un índice de actividade de 5.204, resultando unha media por municipio de 16. Asemade, todos excepto Cerceda están por debaixo da media provincial que é de 24.

Sen menoscabo do exposto anteriormente faise preciso destacar o incremento do índice de actividade económica que experimentou a Comarca entre os anos 2006 e 2013 que en termos

porcentuais supón un 3,03 %, mentres que, tanto a nivel provincial como rexional, o índice de actividade económico sufriu un descenso do 0,22 % e o 2,44 % respectivamente.

A **cota de mercado** dos municipios elabórase mediante un modelo equivalente a unha media de números índices do seguintes seis variables: poboación, número de teléfonos fixos (de uso doméstico), automóbiles, camións (camións e furgonetas), oficinas bancarias, e actividades comerciais comerciantes polo miúdo. É dicir, a capacidade de consumo dun municipio mídese, non só en función da importancia da poboación, senón tamén en función do poder adquisitivo da mesma. Estes números índices expresan a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades.

Táboa: Cota de mercado

TERRITORIO	2000	2012	Variación 2000-2012	POSICIÓN C.A.
Cerceda	13	11	-15,38%	103
Frades	7	6	-14,29%	168
Mesía	7	6	-14,29%	169
Ordes	29	29	0,00%	42
Oroso	12	14	16,67%	80
Tordoia	11	8	-27,27%	139
Trazo	8	6	-25,00%	171
Comarca	87	80	-8,05%	
Total Prov.	2.573	2.415	-6,14%	
Total C.A.	6.465	5.895	-8,82%	
% Comarca s/ Provincia	3,38%	3,31%		
% Comarca s/Galicia	1,35%	1,36%		

Fonte: Anuario económico 2013. "La Caixa"

Na comarca, (ano 2012) este índice é de 80, o que supón o 1.36 % da cota rexional, mentres que o ano 2006 era bastante maior, do 87. Ordes atópase á cabeceira dos municipios da comarca con maior índice de mercado, cun 29 de cota, ocupando o posto 42º da lista de municipios galegos; mentres que Frades, Mesía, Tordoia e Trazo non chegar a acadar unha cota de mercado de 10. No tramo intermedio atópanse Cerceda con 11, e case chegando a 15 están Oroso que se sitúa no posto 80º dos municipios galegos.

En canto a evolución da cota de mercado, na Comarca prodúcese un descenso do 8,05 %, porcentaxe moi similar ao do resto da Comunidade Autónoma, pero moi superior á media provincial (6,14 %).

Os municipios máis rurais son os que experimentan un forte descenso na cota de mercado (superior ó 25% nos casos de Tordoia e Trazo), mentres os máis urbanos manteñen (Ordes) ou incrementan a súa cota de mercado (Oroso).

Empresas con sede social na Comarca***Táboa: Empresas con sede social na Comarca segundo actividade principal. Ano 2014***

TERRITORIO	Agricultura e pesca		Industria, incluída a enerxía		Construción		Servizos		TOTAIS
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
Cerceda	166	32,17%	49	9,50%	81	15,70%	220	42,64%	516
Frades	299	66,15%	14	3,10%	37	8,19%	102	22,57%	452
Mesía	292	64,32%	26	5,73%	34	7,49%	102	22,47%	454
Ordes	340	25,60%	109	8,21%	195	14,68%	684	51,51%	1.328
Oroso	157	22,53%	48	6,89%	118	16,93%	374	53,66%	697
Tordoia	344	65,90%	21	4,02%	54	10,34%	103	19,73%	522
Trazo	279	62,70%	22	4,94%	42	9,44%	102	22,92%	445
Comarca	1.877	42,52%	289	6,55%	561	12,71%	1.687	38,22%	4.414
Provincia	16.759	16,73%	5.865	5,86%	12.994	12,97%	64.550	64,44%	100.168
Galicia	44.179	18,15%	14.922	6,13%	31.504	12,94%	152.807	62,78%	243.412
% Comarca s/ Provincia	11,20%		4,93%		4,32%		2,61%	59,31%	4,41%
% Comarca s/Galicia	4,25%		1,94%		1,78%		1,10%	60,88%	1,81%

Fonte: IGE.Elaboración propia

O total de empresas con sede social na Comarca de Ordes no ano 2014 ascendía a 4.414 o que representa o 4,41 % das empresas da provincia de A Coruña e o 1,81 % das empresas censadas en Galicia.

No ano 2014, as empresas do sector primario coa súa sede social na Comarca de Ordes supoñían o 11,20 % do total provincial e o 4,25 % das empresas da rexión, mentres que no sector industrial da construción e dos servizos non chegan ao 2% do total galego.

Areas industriais da comarca

Con respecto ao chan industrial en funcionamento, a comarca conta na actualidade con 1.159.681 metros cadrados sobre un total de 1.515.247 m²

A totalidade deste chan industrial está situado nos Concellos máis urbanos (Cerceda, Ordes e Oroso), ao ser a zona onde se atopa tamén a maioría da poboación activa e por tanto onde existe maior actividade económica e empresarial. Máis do 60 % do solo industrial da comarca concéntrase no municipio de Cerceda con 728.750 metros cadrados.

Táboa: Áreas industriais

CONCELLO	NOME	Superficie total m2	Superficie uso industrial m2	Superficie dispoñible m2
Cerceda	Parque Empresarial O Acevedo	910.000,00	728.750,00	
Frades				
Mesía				
Ordes		220.625,00	163.816,00	16.077,00
Oroso		384.622,00	267.115,00	2.623,20
Tordoia	Parque Empresarial Merelle			
Trazo	Parque Empresarial Sigüeiro			
Comarca		1.515.247,00	1.159.681	18.700

Fonte: Xestur e Concello de Cerceda - Elaboración propia

Nestas áreas xa urbanizadas hai actualmente 18.700 metros cadrados de chan dispoñible para a instalación de empresas (segundo se indica na páxina de Xestur), cuxa distribución é a seguinte, 16.077 metros cadrados no municipio del Ordes e de 2.623, 20 metros cadrados que contén unha parcela no municipio de Oroso.

Ademais, atópanse en fase de tramitación a planificación e desenvolvemento de chan industrial nos municipio de:

- Oroso: Polígono industrial S. Martiño II cunha oferta de 316.527, 85 m².
- Cerceda: Polígono industrial de Meirama ue contará cunha superficie neta de 850.000 m².

Estes novo chan industrial previsto, incrementará dentro duns anos a área industrial da comarca.

Así mesmo, a longo prazo está prevista no municipio de Ordes unha actuación coa finalidade de crear un novo polígono industrial en Pouoo, que sumará 1.200.000 metros cadrados máis á oferta de chan industrial da zona. Aínda que, a oferta de chan industrial na comarca, do mesmo xeito que no resto da rexión, é superior á demanda existente para un período de crise de longa duración, sería adecuado considerar distintas medidas encamiñadas a animar o mercado, como pode ser o abaratamento nos prezos, facilidades nos pagos ou ben bonificacións sobre impostos (imposto sobre construcións, instalacións e obras, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre actividades económicas, redución de taxas municipais), que dinamicen o tecido industrial e faciliten a ocupación do chan.

7.- SECTOR PRIMARIO

A case totalidade de actividades relacionadas co sector primario que se desenvolven nesta comarca, teñen que ver ca gandería. A agricultura está na maioría dos casos asociada a ela. O sector forestal, a pesar de ter certo peso, non representa a vía principal de renda da meirande parte dos relacionados con este sector.

Emprego e produtividade

Sen ser o sector que máis achega á economía e o emprego comarcal, é indiscutible a relevancia das actividades agropecuarias da Comarca de Ordes. No ano 2014 rexístrase unha media de 2.282 postos de traballo (persoas afiliadas), isto é, o 19,82 % do emprego total comarcal, unha porcentaxe moi por encima do que se rexistra a nivel da provincia de A Coruña (6,12 %) e de Galicia (6,71 %). Outro dato que pon de manifesto a relevancia do sector agrario no mercado de traballo da Comarca de Ordes é a taxa de emprego do sector (nº de empregos por cada 100 habitantes en idade de traballar) que cun 10,0% case chega a quintuplicar o que arrojan as estatísticas para o conxunto da rexión (2,1%).o número de empresas do sector agrario que teñen sede social na Comarca (1.877) que supoñen un 45,52 % do total de empresas con sede social no noso territorio, moi por encima da media galega (18,15%).

En canto á produtividade, o sector primario, ten unha achega destacada no VEB da Comarca, nada menos que o 14,37%, mentres que a media rexional do sitúase no 5,02 % (datos do ano 2010).

Con todo existe unha diferenza substancial no comportamento do emprego e a produtividade do sector ao longo do tempo: mentres que no caso do emprego a tendencia é claramente descendente, observándose unha paulatina perda de postos de traballo, a produtividade segue un proceso inverso. Con todo na actualidade, quizais estemos ante un cambio de tendencia que esixe un cambio nas medidas de apoio ao sector; as políticas agrarias que veñen aplicando na rexión nas últimas décadas, condicionadas obviamente polas directrices europeas, apostaron por un incremento da produtividade baseado no aumento do tamaño das explotacións e a intensificación da actividade. Isto, aínda que supuxo - como acabamos de mencionar- un incremento da produtividade do sector, tamén contribuíu á redución da man de obra e por tanto dos postos de traballo; con todo, parece que se chegou a un teito no que estas políticas tampouco contribúen a aumentar o valor engadido bruto da actividade agraria, sendo preciso un cambio de rumbo que permita non só manter as explotacións en niveis de sustentabilidade tanto económica como social.

Caracterización do sector primario

A información estatística sobre o tamaño das explotacións a nivel municipal datan do último censo agrario (2009) que rexistran un total de 3.703 explotacións agrarias. Os datos do IGE do mesmo ano indican que 2.593 destas explotacións son gandeiras e, máis concretamente 2.128 son de gando bovino. Por tanto, é manifesta a dominancia da gandería bovina na caracterización do agro comarcal.

O censo agrario de 2009 tamén pon de manifesto unha superficie agraria útil fragmentada, na que se rexistran 1.756 explotacións cunha superficie media de 7,6 Has., que se axusta á media galega (7,93 Has.) e maior en tamaño á media provincial (6,41 Has). Existe unha polaridade entre as explotacións situadas nos municipios máis rurais – Frades, Mesía, Tordoia Trazo- e as situadas nos municipios máis urbanos – Cerceda, Ordes e Oroso-, xa que estas últimas o tamaño medio ronda a metade de hectáreas respecto das situadas nas zonas máis rurais.

Con todo, na primeira década deste século obsérvase que houbo un descenso substancial do número de explotacións (43,02 %), paralelo a un incremento importante da súa base territorial (64,50 %). A explicación atopámola de novo no proceso de intensificación que, de forma especial afectou á gandería de leite tan presente nas zonas máis rurais. Tal é así que o tamaño medio das explotacións dalgún municipios duplicouse no período 1999-2009, mentres que a S.A.U. dos mesmos reduciuse, no mesmo período, case un 20 %. Paralelamente, circunstancias como a emigración ou o envellecemento, modificaron o número de explotacións en funcionamento.

Táboa: S.A.U.; Nº Explotacións, Tamaños medio e UTA/Explotación. Evolución

	S.A.U (Has.)		Número Explotacións		Tamaño medio Explotación (Has)		UTA/Explotación	
	2009	Variación 1999-2009	2009	Variación 1999-2009	2009	Variación 1999-2009	2009	Variación 1999-2009
Cerceda	2.673,00	-18,08%	512,00	-54,65%	5,22	80,64%	0,94	-21,67%
Frades	4.169,00	8,60%	393,00	-33,84%	10,61	64,14%	1,28	-10,49%
Mesía	5.393,00	-8,36%	486,00	-41,59%	11,10	56,88%	1,23	-17,45%
Ordes	5.189,00	-13,78%	844,00	-45,41%	6,15	57,94%	1,09	-22,14%
Oroso	2.055,00	-18,84%	345,00	-42,69%	5,96	41,62%	1,20	-16,08%
Tordoia	4.888,00	-9,53%	606,00	-42,45%	8,07	57,20%	1,02	-45,74%
Trazo	5.158,00	9,16%	517,00	-33,46%	9,98	64,06%	1,26	-26,74%
COMARCA	29.525,00	-6,76%	3.703,00	-43,32%	7,97	64,50%	1,13	-24,67%
Provincia	182.032,00	-9,56%	28.418,00	-64,89%	6,41	157,62%	1,05	32,91%
Galicia	647.599,00	-7,05%	81.714,00	-69,74%	7,93	207,20%	1,07	48,61%
% s/prov	16,22%		13,03%					
% s C.A.	4,56%		4,53%					

Fonte: IGE. Elaboración propia

Non se obtiveron datos do censo de 2009 sobre o número de parcelas por explotación; con todo, fóra daqueles municipios nos que se está abordando unha concentración parcelaria da superficie agrícola, pódese augurar que a estrutura da propiedade mantén un número medio de parcelas/explotación moi elevado, sen que os procesos de intensificación da actividade gandeira e o incremento da base territorial das explotacións supuxese un modificación substancial da súa caracterización minifundista.

Outra peculiaridade das explotacións agrarias da Comarca de Ordes é o reducido volume de traballo que xeran. O número de U.T.A. por explotación en 2009 apenas excede a unidade (1,13), aínda que está lixeiramente por encima da media provincial (1,05) e rexional (1,07). Na década 1999-2009 a Comarca sufriu unha forte caída no número de UTA/explotación (-24,67 %), mentres que experimentou un notable aumento, tanto a nivel provincial (+32,91 %) como no conxunto da nosa Comunidade Autónoma (+48,61 %). As variacións que existen entre uns e outros municipios ao analizar este indicador non parecen responder á orientación das explotacións nin ao seu tamaño, senón a unha crecente modernización das mesmas.

Tampouco se observa unha tendencia homoxénea na evolución do volume de traballo por explotación segundo trátase dos municipios máis rurais ou os máis rurais, xa que tanto nunha como noutra zona atopámonos progresións moi dispares no últimos dez anos.

Aproveitamento do chan agrario

Táboa: Distribución municipal de usos (Has). Ano 2014

	Cultivo e Prado (1)	Forestal Total (2)	Outras superficies (3)	Total (T)	% (1) /T	% 2/T
Cerceda	3.906	6.047	1.174	11.127	35,10%	54,34%
Frades	3.063	4.521	572	8.156	37,55%	55,43%
Mesía	4.933	4.307	1.468	10.707	46,07%	40,22%
Ordes	6.372	7.682	1.669	15.723	40,53%	48,86%
Oroso	2.867	3.727	665	7.259	39,50%	51,34%
Tordoia	5.244	6.045	1.166	12.455	42,10%	48,54%
Trazo	3.707	5.976	447	10.130	36,60%	58,99%
COMARCA	30.092	38.304	7.161	75.557	39,83%	50,70%

Fonte: Consellería do Medio Rural. Elaboración Propia

O municipio onde a actividade agrícola é maior é Mesía, onde case a metade da superficie total (46,07 %) está cultivada ou destinada a prado, seguido moi preto por Tordoia (42,10%).

A Comarca de Ordes abarca unha superficie de 75.557 hectáreas, das cales, segundo case a metade (30.092 hectáreas) son Superficie Agraria Útil.

Temos, polo tanto, unha grande proporción de terras con vocación agraria (39,83 %), das que se cultivan algo máis do 75%, o que representa algo máis dunha cuarta parte da superficie total.

Táboa: Distribución da terra de cultivo (Has). Ano 2014

CULTIVOS	Comarca de Ordes	Provincia de A Coruña	Galicia	% Comarca s/ Provincia	% Comarca s/ Galicia
Cereais gran	1.098	11.079	40.430	9,91%	2,72%
Cultivos forraxeiros	29.377	135.692	286.839	21,65%	10,24%
Outros cultivos herbáceos	1.256	13.040	38.139	9,63%	3,29%
Prados e pastizais	6.885	96.295	443.987	7,15%	1,55%
Outras terras de cultivo	10.787	26.634	75.393	40,50%	14,31%

Fonte: IGE. Elaboración Propia

A elevada especialización gandeira da Comarca, do mesmo xeito que ocorre coa rexión, condiciona a explotación agrícola do chan, onde as praderías e pasteiros predomina sobre outros de aproveitamentos e onde a produción forraxeira prevalece sobre o resto de cultivos. Pero a característica definitoria do aproveitamento agrario desta Bisbarra, radica precisamente na superficie destinada especificamente ao cultivo forraxeiro: unha Comarca na que achega

aproximadamente un 5.58 % da superficie agrícola da rexión, concentra case o 11 % destes cultivos.

Ó igual que en toda Galicia, esta Comarca padece unha excesiva parcelación das explotacións. O labor de concentración parcelaria foi moi importante, incluso nalgúns municipios levouse a cabo en tódalas parroquias (Frades e Mesía).


Para a mellora das condicións agroecolóxicas do noso territorio, considerase favorable a realización dunha concentración sempre e cando esta se realice primando os criterios ecolóxicos e mantendo a biodiversidade da zona, bastante minguada pola intensificación gandeira e a simplificación do sistema agrario. Enténdese o termo agroecolóxico , dentro do concepto amplo que supón a sustentabilidade, e que se caracteriza por conseguir explotacións agrarias economicamente viables, socialmente xustas, e ambientalmente correctas.

Por isto considérase prioritaria a conservación das zonas de sebes da Comarca, que son a principal fonte de biodiversidade e estabilidade ecosistémica no sistema agrario da zona. A redistribución das propiedades deberase facer de xeito que se manteña a actual estrutura paisaxística, e, se cadra, dando pasos para melloralas mediante a diversificación, e nunca mediante a simplificación

Cultivos agrícolas.

Atendendo ós datos das producións agropecuarias da Comarca de Ordes, segundo datos obtidos do IGE, obtemos as proporcións reflectidas no gráfico. Nelas observamos que a porción máis grande da terra agraria emprégase en materias asociadas á produción gandeira. Así o 13,94% desta superficie é dedicada a prados e pasteiros, un 59,46% a cultivos forraxeiros, e un 2,22% a cereais que poden ser empregados, en certa medida, tamén como forraxe para o gando.

Gráfico: Distribución porcentual dos principais grupos de cultivo. Ano 2014



Fonte: IGE. Elaboración propia

Obviamente, dado o tipo de aproveitamento do chan agrícola que predomina na Comarca condicionado polo tipo de explotación gandeira predominante, atopámonos cunha produción de forraxes que supera a do resto de cultivos, ata o punto de que supoñen o 91,2 % da superficie cultivada comarcal.

Unha de cada 10 hectáreas de cultivos forraxeiros galegos localízase na Comarca de Ordes. Na necesidade de proporcionar alimentación ao gando reducindo na medida do posible a dependencia de insumos exteriores radica a expansión que tivo na comarca a produción forraxeira nas últimas décadas. Con todo, isto tamén a suposto o desprazamento doutros cultivos tradicionais que se desenvolvían en zonas cun bo potencial agroecolóxico e que formaban parte de sistemas de alto valor natural.

Durante o período 2000-2014, na Comarca de Ordes, observouse un incremento da superficie forraxeira en máis do 102,36 %, pasándose de 14.516 has. no ano a 29.377 hectáreas no ano 2014, incremento moi superior á media provincial (57,58 %) e rexional (43,71 %).

Non obstante, nos últimos anos produciuse unha redución da superficie destinada á cultivos forraxeiros. Con todo esta redución non é tan acusada como en resto da rexión, o que fai que a importancia comarcal na produción de forraxes non se reduza, senón todo o contrario.

Táboa: Distribución dos principais grupos de cultivo (Has). Ano 2014

Tipo de cultivo	Comarca de Ordes	Provincia de A Coruña	Galicia
Cereais gran	1.098	11.079	40.430
Cultivos forraxeiros	29.377	135.692	286.839
Tubérculos	357	6.016	20.258
Leguminosas gran	55	932	2.109
Hortícolas e froitos de horta	844	6.092	15.772
Total culivos herbáceos	31.731	159.811	365.408
Froiteiras	133	4.893	12.142
Castiñeiro	308	2.774	24.368
Viñedo	23	2.426	24.837
Total culivos leñosos	464	10.093	61.347
TOTAL CULTIVOS	32.195	169.904	426.755

Fonte: IGE. Elaboración propia

En canto ao resto de cultivos, teñen un carácter minoritario e nalgúns casos, residual, x a que en conxunto non ocupan máis dun 9 % da superficie cultivada da Comarca.

A nivel da Comarca o cultivo permanente máis representativo é o grelo. A potenciación deste produto cunha I.X.P. debe de aproveitarse para potenciar este cultivo como unha alternativa de diversificación.


En canto aos cultivos anuais, destacan especialmente: a produción de cereais, con máis de 1.000 hectáreas de cultivo, que supoñen case un 10% da superficie provincial dedicada a este cultivo e a produción hortícola que acada un 5,4 % da superficie rexional.

Por último, os tubérculos e leguminosas teñen un carácter residual do mesmo xeito que no resto da rexión.

Produción gandeira.

A Comarca presenta unha clara especialización gandeira, sobre todo en bovino e moito menos en gando porcino. Segundo o censo agrario de 2009, Mesía, Ordes, Tordoia e Trazo destacan coma os municipios máis gandeiros, tanto cuantitativa como cualitativamente, aportando entre os catro máis de 45.000 UG. Destas UG (Unidades Gandeiras) a maioría, coma no resto da Comarca, corresponden con gando bovino xa que no conxunto da Comarca supón máis do 90 %.

Gráfico. Gandería en Unidades Gandeiras 2009. Comarca de Ordes



Fonte: IGE. Elaboración propia


Como xa mencionamos anteriormente, o gando porcino é o segundo tipo de gando en importancia, aínda que tan só aporta o 6,2% da cabana gandeira, moi por debaixo do que representa o gando bovino.

O peso da cabana caprina e ovina da comarca no conxunto da rexión é mínimo (1,48 % e 1,08 % respectivamente), quizais motivado pola inexistencia dunha industria queixeira artesanal, o que dificulta a comercialización do leite deste tipo de explotacións.

O gando bovino está orientado á produción de leite e de carne. No primeiro caso, a produción adoita a venderse ás empresas transformadoras. No segundo, a venda dos becerros lévase por medio de tratantes. En xeral houbo unha grande mellora nas explotacións gandeiras a partires das subvencións que a Xunta de Galicia concedeu con ese fin.

A presenza doutras especies é pouco importante, non chegando ás 1.100 UG en Mesía, o concello que presenta maior actividade gandeira con 12.333 UG.

Táboa. Unidades Gandeiras dos municipios da Comarca de Ordes



Fonte. Censo Agrario 2009. Elaboración propia

O número de explotacións na Comarca é elevado, superándose a media provincial (unha media de 304 fronte á provincial de 152 explotacións/municipio e a rexional de 125 explotacións municipio). Isto representa o 14,8 % do total das explotacións provinciais e o 5,4 % das galegas, o que da unha idea da importancia da actividade gandeira na Comarca e para o seu entorno.

Táboa. Efectivos e explotacións de gando bovino. Ano 2014

	Nº Explotacións	Bovinos	Vacas	Muxidura	Non Muxidura	Outros Bovinos
Cerceda	187	4.125	2.436	1.711	725	1.689
Frades	258	14.021	8.932	8.265	667	5.089
Mesía	346	13.061	8.153	7.048	1.105	4.908
Ordes	455	9.023	5.446	3.401	2.045	3.577
Oroso	206	4.025	2.377	1.329	1.048	1.648
Tordoia	353	11.098	6.769	5.675	1.094	4.329
Trazo	323	12.869	7.383	5.784	1.599	5.486
Comarca	2.128	68.222	41.496	33.213	8.283	26.726
A Coruña	14.338	338.659	200.132	142.913	57.219	138.527
Galicia	39.479	952.656	549.094	336.981	212.113	403.562

Fonte: IGE. Elaboración propia

No ano 2014 eran 68.222 as reses bovinas rexistradas no conxunto dos sete concellos o que representa un 20,1 % das reses da provincia de A Coruña e o 7,2 % do total galego. As vacas de muxidura representan o 9,9 % do total da Comunidade autónoma e máis do 23% das da provincia.

A media de reses por explotación oscila entre as 19 de Oroso e Ordes e as case 55 de Frades, resultando unha media comarcal de 32 reses por explotación. Esta cifra supón unha diferenza de 8 reses respecto a media rexional que se sitúa en 24 reses por explotación.

Táboa. Evolución da cabaña gandeira no período 1999-2009

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellos
Cerceda	-39,33%	-42,86%	0,00%	-41,27%	-38,64%	-65,45%	-25,00%
Frades	19,09%	16,13%	66,67%	-94,80%	-65,67%	-24,54%	-33,33%
Mesía	-7,07%	-47,06%	40,00%	-69,31%	-70,27%	-88,09%	-42,86%
Ordes	-21,70%	-55,05%	62,50%	-53,96%	-59,42%	41,09%	-31,58%
Oroso	-20,16%	-21,15%	-100,00%	-70,00%	-56,45%	-51,02%	-66,67%
Tordoia	-16,49%	-74,49%	0,00%	-36,96%	-60,00%	79,76%	-37,50%
Trazo	0,42%	-12,20%	-80,00%	-65,68%	-50,00%	-44,52%	-12,50%
Comarca	-9,37%	-44,02%	8,57%	-62,24%	-60,20%	-29,30%	-34,29%
A Coruña	-15,93%	-48,50%	-25,53%	-30,13%	-56,02%	-1,68%	-23,40%
Galicia	-11,06%	-44,52%	-27,61%	-18,97%	-58,23%	5,36%	-35,82%

Fonte: IGE. Elaboración propia

A predominancia da cabana gandeira de vacún, xa sexa de carne ou de leite obvio en toda a rexión, e no conxunto da comarca é, se cabe, máis marcada que noutros territorios. Con todo, dende o ano 1999 ata o ano 2009, obsérvase unha redución desta cabana gandeira (que alcanza un descenso 9,37 %) , aínda así o descenso é inferior ó da media provincial (-15,93 %) e rexional (-11,06 %). Faise preciso significar que ese descenso prodúcese nos Concellos máis urbanos (Cerceda, Ordes e Oroso) mentres que nos Concellos máis rurais, e eminentemente gandeiros, ese descenso minimízase e incluso prodúcese un incremento da mesma chegando a supoñer en Frades un incremento de case o 20 %.

A evolución do número das explotacións de bovino poñen de manifesto unha progresiva redución. Con todo, o seu tamaño medio segue unha evolución crecente no últimos quince anos, que é mesmo exponencial nalgúns concellos cando se trata de vacún de leite. Porque este crecemento do número de animais por explotación é diferente segundo a orientación da explotación: moito maior naquelas destinadas principalmente á produción de leite que nas explotacións de carne, onde os valores totais comarcais marcan unha tendencia alcista pero pouco marcada.

Esta maior concentración de gando nun número cada vez menor de explotacións, xa se observou en períodos anteriores e continuou no últimos dez anos. Trátase dun proceso que marcado en boa medida polas políticas agrarias que se viñeron aplicando nas últimas décadas e que ten implicacións ambientais negativas. Trátase dun modelo de desenvolvemento da actividade que necesita evolucionar para adaptarse ás novas políticas.

Táboa. Cotas lácteas 2014-2015

	Nº Explotac.	Cota láctea	Cota / explotac.	Posición no total C.A.	
				Por cota láctea total	Por cota explotación
Cerceda	70	11.547.136	164.959	65	90
Frades	183	48.950.157	267.487	11	19
Mesía	198	43.066.524	217.508	14	43
Ordes	170	26.674.213	156.907	26	97
Oroso	55	8.543.421	155.335	78	98
Tordoia	202	37.560.049	185.941	18	72
Trazo	136	36.161.907	265.896	21	21
Comarca	1.014	212.503.407	209.569		
<i>Prov. A Coruña</i>	5.080	917.478.555	180.606		
<i>Galicia</i>	11.974	2.229.811.281	186.221	190	190
% s/provincia	19,96%	23,16%			
% s/ Galicia	8,47%	9,53%			

Fonte. Consellería do Medio Rural. Elaboración propia

O peso específico da gandería de leite da Comarca de Ordes no sector gandeiro galego é innegable, e proba diso é que as explotacións de orientación láctea, os sete concellos da comarca copan (segundo datos da Consellería do Medio Rural) máis do 19 % da cota láctea da provincia no ano 2014-2015, e case o 9 % do total galego. Os catro municipios máis rurais (Frades, Mesía, Tordoia e Trazo), agrupan 7,43 % do total da cota asturiana, tendo todos eles unha cota/explotación superior á media rexional

En canto á posición relativa dos Concellos respecto ó resto de municipios galegos destacan os municipios de Frades (undécimo de 190 concellos con cota láctea asignada) e Mesía (décimo cuarto).

Pola contra resulta desolador o practicamente nula porcentaxe da cota que se destina á venda directa. Salvo no concello de Mesía, case toda a produción láctea destínase a Industrias Lácteas.

Non cabe dúbida de que a desaparición das cotas lácteas pode supoñer para o sector un duro golpe, especialmente nesta comarca cunha gran dependencia comercial na que o 98,0 % da produción comarcal destínase a industrias lácteas. É preciso afrontar retos neste sentido, que pasan por incorporar a transformación á produción, aumentando o valor engadido das explotacións á vez que se reduce a dependencia comercial e por diversificar da actividade, ben cara a outras especies gandeiras cuxas producións tamén poidan ser transformadas na o explotación, ben cara a outras actividades agrícolas ou do sector servizos

D.O.P. e I.X.P.

As posibilidades de desenvolvemento da produción agrícola e gandeira baixo as Denominacións de Orixe Protexidas e as Indicacións Xeográficas Protexidas na comarca teñen un potencial de desenvolvemento moi interesante. Con todo, o primeiro dato relevante é que non existen na Bisbarra de Ordes selos deste tipo cuxo ámbito xeográfico circunscribíbase exclusivamente a todo ou parte deste territorio. Por tanto, ata o momento a única implantación na comarca de DOP e IXP refírese a aquelas cuxo ámbito territorial abarca a toda a Comunidade Autónoma.

As Indicacións Xeográficas Protexidas con presenza na Bisbarra son: Tenreira Galega, Grelo de Galicia e Queixo Arzúa – Ulloa. No territorio existe unha cooperativa hortícola no Concello de Tordoia enmarcada na I.X.P. “Grellos de Galicia”, así como outros produtores individuais baixo a mesma indicación. A I.X.P. No Concello de Mesía existe unha queixería que opera baixo a I.X.P. “Queixo de Arzúa - Ulloa” e no Concello de Frades unha empresa apícola amparada pola I.X.P. “Mel de Galicia”

Agricultura ecolóxica e outras producións (tradicionais e minoritarias)

Un dos elementos craves no proceso de diversificación agraria e a conservación da paisaxe e a biodiversidade radica na promoción de cultivos e prácticas agrícolas gandeiras tradicionais que forman parte de sistemas agrarios de alto valor natural (SAVN). Máis aló da práctica do pastoreo extensivo tradicional, existen cultivos e prácticas de carácter máis local que forman ou formaban parte destes sistemas agrarios que se deberían de potenciar ou recuperar. O proxecto de cooperación “Nuevos Horizontes”, coordinado polo GDR “ASDECOMOR”, e consistente na recuperación de variedades fitoxenéticas tradicionais representa un exemplo demostrativo de diversificación agraria e conservación da biodiversidade vexetal. A través deste proxecto conseguíuse a recuperación de variedades tradicionais de pemento (Arnoia, Punxín, Mougán e Oímbra), cebola (Betanzos, Vilagarcía e Ribadeo), tomate (Negro de Santiago, Abuela de Osedo), repolo de Betanzos, Grelo de Ordes, maceiras, etc

En canto a produtos ecolóxicos, o territorio conta cunha empresa de produción láctea e derivados (iogures, queixos) e outra empresa dedicada a produción de queixo baixo as no Concello de Mesía e outros pequenos produtores hortícolas repartidos pola Comarca.

Doutra banda, a apicultura constitúe unha ferramenta de diversificación do medio rural. Non se puideron obter datos municipalizados de produción de mel que poñan de relevancia a importancia relativa deste sector a nivel comarcal, pero ten relevancia unha empresa transformadora de Frades que comercializa baixo a I.X.P. Mel de Galicia. A apicultura unha actividade que proporciona unha renda complementaria ás explotacións agrarias, ademais de ter un recoñecido beneficio para os cultivos por efecto da polinización.

Con todo, os problemas sanitarios que afectan a poboación apícola, a atomización do sector ou a apertura de canles de comercialización son, a priori, obstáculos a superar. A orientación da apicultura cara á produción ecolóxica, a promoción da calidade do produto a través de marcas de

calidade, son medidas definidas como estratéxicas a nivel rexional e que, sen dúbida teñen na Comarca de Ordes unha importante razón de ser.

Pero a Comarca debe estar aberta a novas producións, tanto agrícolas como gandeiras, que acheguen unha diversificación máis aló dos cultivos tradicionais. Nos últimos anos desenvóléronse na Comarca experiencias de producións de pequenos froitos, concretamente de arándanos e de maceiras. O principal obstáculo está no acceso a terras con alto valor agrolóxico para o desenvolvemento destas producións, unha cuestión que é necesario abordar para facilitar a diversificación da gandería cara a actividades complementarias dentro do sector.

8.- ACTIVIDADE FORESTAL

Uso forestal do solo

O potencial forestal do territorio queda patente no feito de que, segundo datos do ano 2014 o chan con este uso esténdese por 38.304 Has. O 8,43% dos chans forestais da provincia de A Coruña e o 2,13% de toda Galicia atópase nesta comarca.

Cabe destacar o Concello de Trazo cuxa superficie de uso forestal ronda o 60 %.

Táboa. Distribución municipal de usos (en Hectáreas)

	Cultivo e Prado (1)	Forestal Total (2)	Outras superficies (3)	Total (T)	% (1) /T	% 2/T
Cerceda	3.906	6.047	1.174	11.127	35,10%	54,34%
Frades	3.063	4.521	572	8.156	37,55%	55,43%
Mesía	4.933	4.307	1.468	10.707	46,07%	40,22%
Ordes	6.372	7.682	1.669	15.723	40,53%	48,86%
Oroso	2.867	3.727	665	7.259	39,50%	51,34%
Tordoia	5.244	6.045	1.166	12.455	42,10%	48,54%
Trazo	3.707	5.976	447	10.130	36,60%	58,99%
COMARCA	30.092	38.304	7.161	75.557	39,83%	50,70%

Fonte. Anuario de Estadística Agraria 2014. Elaboración propia

Da superficie total da Comarca, máis da metade correspóndese a terreo forestal aínda que se comparamos os datos do ano 2011 cos do 2014, recollidos nos Anuarios de Estadística Agraria dos respectivos anos, apréciase un sensible ascenso na superficie forestal (preto de 750 Hectáreas), pasando do 49,83 % da superficie total ó 50,70 %.

Distribución municipal de usos-Ano 2014 Fonte - Anuario de Estatística Agraria.





Gráfico. Distribución municipal de usos. Ano 2011



Fonte. Anuario de Estatística Agraria. Elaboración propia

Atendendo ás cifras de superficie forestal arborizada por habitante con que conta cada un dos municipios que constitúen a Comarca no ano 2012, os que posúen un área menor son os situados na zona central da Comarca (Cerceda, Ordes e Oroso) que á súa vez son os que máis poboación presentan e os que máis actividade teñen nos sectores secundario e terciario.

A superficie arborizada na Comarca de Ordes é moi superior á rexional e case o triplo da provincial.

Táboa: Superficie arborizada por habitante e municipio. Superficie arborizada respecto da forestal total

	Arborizada por habitante (has)	Superficie arborizada	Número de habitantes	Forestal Total	Arborizada sobre total
Cerceda	0,80	4.258	5.318	5.985	71,14%
Frades	1,73	4.431	2.566	4.526	97,90%
Mesía	1,29	3.722	2.879	4.236	87,87%
Ordes	0,58	7.539	12.963	7.653	98,51%
Oroso	0,49	3.598	7.328	3.661	98,28%
Tordoia	1,26	4.932	3.924	6.016	81,98%
Trazo	1,54	5.294	3.433	5.977	88,57%
COMARCA	0,88	33.774	38.411	38.054	88,75%
PROVINCIA	0,34	394.323	1.143.911	1.386.365	28,44%
GALICIA	0,50	1.386.365	2.781.498	1.923.662	72,07%

Fonte. Anuario de Estatística Agraria 2012. Elaboración propia

Case o 90% deste monte forestal é maderable (33.744 Has.) e o resto (4.280) monte leñoso., unha proporción moi superior á media rexional.

Por municipios, a maior superficie forestal localízase no concello de Ordes, da que unha porcentaxe elevadísima (case un 99%) é maderable.

Destaca o elevado aproveitamento nos concellos de Ordes, Oroso e Frades a porcentaxe de monte maderable supera o 95%, debido á orientación das plantacións forestais á produción de eucalipto, de alta rendibilidade económica.

Valor Engadido Bruto

E de salientar que, segundo datos do IGE referidos ao ano 2012, o Valor Engadido Bruto da madeira, papel e mobles da Comarca de Ordes ascende ó 2,1 % o que supón case o dobre da media rexional (entre 0,6% e 1,1%) e a situa entre as cinco comarcas galegas onde o sector da madeira supera o 2% do V.E.B., o que da a idea da importancia deste sector neste territorio

Orientación da industria transformadora

A actividade forestal da comarca proporciona materia prima para o desenvolvemento dunha industria transformadora de especial relevancia e singularidade. Se nos referimos á primeira transformación, o tipo de produto final é o que marca diferenzas en función da materia prima utilizada e a orientación forestal do monte: pasta de celulosa e madeira aserrada.

Segundo datos obtidos da Consellería do Medio rural o directorio de industrias da madeira da Comarca de Ordes no ano 2014 conta con 72 empresas, das que 60 delas están censadas como maioristas de madeira (I.A.E. 617.3) e servizos de saca (912), 12 como aserrado e preparación industrial da madeira (461) e dúas combinan ambas actividades.

Polo número de empresas situadas en cada municipio, destacan o de Oroso, Ordes e Frades que albergan preto das do 70 % do total das empresas.

É destacable como as empresas forestais se localizan en dous dos municipios -Ordes e Oroso- onde a superficie forestal arborada por habitante é menor

Táboa: Directorio de industrias da madeira. Ano 2014

	Maiorista madeira e cortiza (617.3)/ Servizos de saca (912)	Serradoiros (461)	Combinados	Totais
Cerceda	3	1	1	4
Frades	16	0	0	16
Mesía	10	2	0	12
Ordes	12	4	1	16
Oroso	15	2	0	17
Tordoia	1	1	0	2
Trazo	3	2	0	5
Comarca	60	12	2	72

Fonte: Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia. Elaboración propia

A principal vertente da industria de primeira transformación é a produción de madeira aserrada. Neste caso, destaca a actividade de pequenas empresas que traballa na produción e transformación de madeira aserrada fundamentalmente destinada ao mercado nacional. Son PEMES do sector asentadas no territorio cuxa materia prima fundamental é o piñeiro e o eucalipto aínda que tamén traballan don frondosas do tipo do carballo e o castiñeiro. Trátase de factorías que realizan unha transformación e almacenamento da madeira que permite a súa venda directa a carpinterías ou a outros almacéns que realizan unha transformación previa á súa comercialización con destino á industria do moble ou a fabricación de portas e xanelas.

O tecido empresarial da industria do moble está formado por pequenas carpinterías que se sitúan de forma máis dispersa no territorio. Trátase, na maioría dos casos, de talleres e ebanisterías que non empregan máis de 10 traballadores e que traballan cun marcado carácter artesanal.

Xunto cos estas pequenas empresas conviven varias empresas (Grupo Ramón García e Grupo Malasa) que dan traballo a máis de 100 traballadores e son provedoras do Grupo Inditex.

En canto ós produtos obtidos son fundamentalmente os seguintes:

- ✓ No caso de empresas almacenistas de madeira e cortiza: Rolla e puntal de pino e eucalipto
- ✓ No caso de serradoiros: Taboleiro, tablilla, acha e serrín de pino.

9.- INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2014 había na Comarca 42 empresas agroalimentarias.

Táboa: Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2014

	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	Fabricación de produtos lácteos	Fabricación de produtos de moenda, amidóns e produtos amiláceos	Fabricación de produtos de panadería e pastas alimenticias	Fabricación doutros produtos alimenticios	Fabricación de produtos para a alimentación animal	Totais
Cerceda	1	0	0	4	0	0	5
Frades	0	2	0	1	1	1	5
Mesía	0	3	0	4	0	1	8
Ordes	0	1	0	8	0	0	9
Oroso	0	1	1	5	1	0	8
Tordoia	0	1	1	1	0	0	3
Trazo	0	0	0	3	0	1	4
Comarca	1	8	2	26	2	3	42
A Coruña	87	54	11	580	52	37	821
Galicia	213	113	39	1.499	131	71	2.066
% s/ prov.	1,15%	14,81%	18,18%	4,48%	3,85%	8,11%	5,12%
% s/ Galicia	0,47%	7,08%	5,13%	1,73%	1,53%	4,23%	2,03%

Fonte: IGE. Elaboración propia

Por actividade, cabe salientar, as empresas dedicadas á fabricación de produtos de moenda e de produtos lácteos que supoñen un 5,13 % e un 7,08 % respectivamente do total das empresas galegas rexistradas nesas actividades.

Se tomamos como referencia o número de empresas, a actividade principal do sector agroalimentario comarcal é a fabricación de produtos de panadería e pastas alimenticias.

A fabricación de produtos lácteos céntrase fundamentalmente na produción de queixo, destacando a localidade de Mesía con dúas queixerías censadas no Rexistro de Industrias Agroalimentarias (Casa Grande de Xanceda, e Coquear, S.C.G.)

10.- PRODUCCIÓN PISCÍCOLA

Na Comarca de Ordes tense constancia da existencia das seguintes piscifactorías, mais non se dispón de datos de produción.

Nome	Especie cultivada	Concello
Piscifactoría A Verxa	Troita Arco - Iris	Mesía
Piscifactoría Hnos. Fariña Andrade, S.L. (II)	Troita Arco - Iris	Cerceda
Piscifactoría Agra do Río	Troita Arco - Iris	Ordes

11.- SECTOR SECUNDARIO

Os concellos que contan cunha actividade industrial máis destacable son os de Ordes por ser a cabeceira comarcal e Cerceda, onde cabe destaca-la presenza da central térmica de Meirama que ocupa a unha alta porcentaxe de traballadores, Limeisa, SOGAMA, e o polígono industrial.

O resto dos concellos son especialmente agrogandeiros, o cal queda reflectido na baixa porcentaxe que supoñen no conxunto da Comarca, as actividades industriais presentes neses concellos. Tan só parece que comeza a distanciarse o municipio de Oroso debido á dinamización económica que ven padecendo dende a década dos oitenta.

Táboa Porcentaxe de actividades industriais por municipios. Ano 2014

MUNICIPIO	PORCENTAXE
Cerceda	16,25%
Frades	6,06%
Mesía	6,86%
Ordes	36,50%
Oroso	17,51%
Tordoia	8,70%
Trazo	8,12%

Fonte: IGE. Elaboracion propia

Coincide en tódolos municipios que a actividade industrial que conta cun maior número de empresas é a construción, seguida do sector das Industrias Manufactureiras agás en Cerceda onde as actividades enerxéticas, como xa mencionamos anteriormente, presentan unha relevante importancia.


Táboa Actividades industriais por municipio. Ano 2014

Territorio	Extractivas	Manufactureras	Enerxía	Auga	Costrución	Totais
Cerceda	-	48	4	15	75	142
Frades	1	15	-	-	37	53
Mesía	-	27	-	1	32	60
Ordes	2	113	-	2	202	319
Oroso	-	48	-	2	103	153
Tordoia	1	21	-	1	53	76
Trazo	1	21	2	1	46	71
Comarca Ordes	5	293	6	22	548	874
Prov. Coruña (A)	73	5.942	230	219	13.603	20.067
C.A. GALICIA	391	15.027	666	455	32.826	49.365

Fonte: IGE. Unidades Locais segundo actividade principal.

No conxunto da Comarca, a distribución de actividades industriais queda repartida como segue:

Gráfico: Distribución das actividades Industriais da Comarca. Ano 2014



Fonte: IGE. Elaboracion propia

A evolución do tecido industrial da Comarca no período 2008-2014, e dicir, en plena crise económica, aínda sendo negativa no seu conxunto, e menor que a media provincial e rexional en máis de 10 puntos porcentuais. Cabe salientar, que o descenso de empresas industriais prodúcese nos municipios que basean a súa economía no sector primario (Mesía e Tordoia), e na construción (Trazo), mentres que nos Concellos de Cerceda, Oroso e Trazo o número de empresas industriais aumenta respecto do ano 2008.

Táboa: Variación do tecido industrial municipal e índice industrial

TERRITORIO	VARIACIÓN 2008-2014	ÍNDICE INDUSTRIAL 2012
Cerceda	2,90%	43
Frades	0,00%	2
Mesía	-6,25%	6
Ordes	-12,12%	14
Oroso	2,68%	8
Tordoia	-24,75%	2
Trazo	4,41%	2
Comarca Ordes	-6,62%	77
Prov. Coruña (A)	-16,63%	2.470
C.A. GALICIA	-17,78%	6.022

Fonte: IGE. Anuario Económico “La Caixa”. Elaboración propia

Segundo datos obtidos do Anuario Económico do ano 2012 de “La Caixa”, tan só Cerceda e Ordes estarían entre o 100 municipios con maior índice industrial de Galicia, ocupando respectivamente os postos 25º e 91º respectivamente. Polo contrario Tordoia e Trazo estarían situados nos lugares 240 e 241 do total dos municipios galegos.

Construción

Dada a súa importancia no tecido industrial comarcal faise necesario realizar unha análise específica desta actividade.

Pola evolución do número de licenzas de obra pódese un descenso significativo (56, 4 %) das obras na nosa Bisbarra. Pese a todo, ese descenso, é sensiblemente inferior ó descenso medio provincial (76,5 %) e rexional (68,2 %), é semella que no último ano a tendencia está a revertirse.

Se analizamos a evolución por Concello observamos que os Concellos máis rurais (Mesía e Frades) resisten mellor a crise, debido seguramente á que as licenzas foran concedidas para obras relacionadas co sector primario (granxas), mentres que nos Concellos máis urbanos, as licenzas de obra sofren unha forte caída no períodos 2000-2014.

Táboa: Evolución do número de licenzas de obra. Período 2000-2014

	2000	2005	2010	2013	2014	Evolución 2000-2014
Cerceda	24	27	11	7	3	-87,5%
Frades	3	3	0	0	0	-100,0%
Mesía	2	3	4	6	5	150,0%
Ordes	39	40	14	11	17	-56,4%
Oroso	31	24	15	6	13	-58,1%
Tordoia	1	1	0	0	0	-100,0%
Trazo	1	5	14	0	6	500,0%
COMARCA	101	103	58	30	44	-56,4%
A Coruña	4.099	3.600	1.570	973	963	-76,5%
Galicia	8.618	8.548	4.145	2.676	2.741	-68,2%
% s/prov	2,46%	2,86%	3,69%	3,08%	4,57%	
% s/Galicia	1,17%	1,20%	1,40%	1,12%	1,61%	

Fonte: IGE. Elaboración propia

Atendendo a evolución das transaccións inmobiliarias, é contrariamente ó que sucedía co número de licenzas, o descenso das mesmas é superior na Comarca de Ordes á media provincial e rexional en máis de 10 puntos. Con todo, e ó igual que acontecía co indicador anterior, o descenso é menor nos municipios máis rurais, e incluso, a evolución é positiva (Tordoia e Mesía).

Os datos da evolución, tanto das licenzas como do número de transaccións inmobiliarias, semellan dar a entender que o descenso máis brusco prodúcese nos inmobles dedicados a vivendas, sendo menos importante nos inmobles empregados para a realización de actividades económicas (granxas, naves industriais, ...)

Táboa: Evolución do número de transaccións inmobiliarias (2004-2014)

	2004	2008	2014	Evolución 2004-2014
Cerceda	31	24	11	-64,5%
Frades	12	7	5	-58,3%
Mesía	0	7	7	
Ordes	154	58	60	-61,0%
Oroso	131	57	27	-79,4%
Tordoia	4	4	6	50,0%
Trazo	1	4	1	0,0%
COMARCA	333	161	117	-64,9%
A Coruña	13.753	12.719	6.022	-56,2%
Galicia	31.209	29.575	14.037	-55,0%
% s/prov	2,42%	1,27%	1,94%	
% s/Galicia	1,07%	0,54%	0,83%	

Fonte: IGE. Elaboración propia

Constátase unha maior resistencia das empresas da construción da Comarca de Ordes a actual crise económica, se comparamos a súa evolución con respecto a media da provincia e da propia Comunidade Autónoma, tal e como se pode comprobar na seguinte táboa.

Táboa: Evolución do número de empresas do sector da construción (2008-2014)

Territorio	2008	2014	Variación
Cerceda	82	75	-8,54%
Frades	36	37	2,78%
Mesía	31	32	3,23%
Ordes	244	202	-17,21%
Oroso	106	103	-2,83%
Tordoia	67	53	-20,90%
Trazo	44	46	4,55%
COMARCA	610	548	-10,16%
A Coruña	16.920	13.603	-19,60%
Galicia	41.419	32.826	-20,75%
% s/prov	3,61%	4,03%	
% s/Galicia	1,47%	1,67%	

Fonte: IGE. Elaboración propia

Vólvese a corroborar que os municipios máis rurais, coa excepción de Tordoia, presentan unha mellor evolución que os máis urbanos.

12.- SECTOR TERCIARIO

A importancia sectorial da actividade turística analízase sector servizos a través do estudo de dúas magnitudes: A produtividade, medida en termos do V.E.B. e o emprego xerado polo turismo comarcal.

O Valor Engadido Bruto do Turismo e Hostalaría na Comarca alcanzaba, no ano 2012 (último exercicio con estatísticas publicadas) os 121.100 Euros. A comparación deste valor co do resto da rexión, ponnos de manifesto que o peso do comercio, transporte e hostalería no conxunto da

economía comarcal non alcanza os niveis que este sector ten a escala rexional. O VEB do comercio, transporte e hostalería representa un 14,23 % do total do xerado na Comarca, mentres que a nivel rexional alcanza o 21,41%. Outro dato que referencia esta hipótese é que o sector terciario da Comarca achega ao rexional tan só un 0,87 % do eu valor engadido bruto, un valor relativamente baixo se o comparamos coa achega total do territorio ao conxunto da economía rexional (1,54 %).

Algo similar ocorre co emprego. Segundo datos do ano 2014, o sector servizos (con 5.079 afiliacións) xera o 44,11% do emprego comarcal, mentres a nivel rexional este valor alcanza o 71,94%. Ademais, a porcentaxe que achega a Comarca ao total de empregos do sector servizos galego é baixo (0,78%), sobre todo se temos en conta que o conxunto de todos os sectores económicos da Comarca achegan o 1,28 % do emprego rexional.

A explicación destes datos atópase na terciarización da economía e o emprego da Comarca, que se sitúa en niveis bastante inferiores á media rexional. Esta situación provoca que, a pesar de que o sector terciario non mostre un desenvolvemento económico tan importante como no conxunto da rexión, teña unha relativa transcendencia na economía e no emprego da Comarca e Ordes.

Segundo datos do IGE, no ano 2014 o maior aporte á estrutura económica terciaria da Comarca ofréceno nun primeiro lugar o municipio de Ordes, e con menor importancia os de Oroso e Cerceda.

O resto de municipios, a pesar de sufrir tamén ese aumento do sector terciario, seguen mantendo o primario como base da súa economía.


Táboa: Porcentaxe de actividades terciarias por municipios

MUNICIPIO	PORCENTAXE
Cerceda	13,04%
Frades	6,02%
Mesía	6,02%
Ordes	40,62%
Oroso	22,22%
Tordoia	6,08%
Trazo	6,02%

Fonte: IGE e elaboración propia

Dentro do sector terciario podemos distinguir entre varias ramas que se distribúen nuns porcentaxes que quedan representados no seguinte gráfico:

Gráfico: Distribución das actividades do sector terciario por municipios. Ano 2014




Fonte: IGE. Elaboración Propia

Como se pode ver, a distribución entre os distintos tipos de actividade é moi parecida en tódolos municipios da Comarca, destacando con claridade a rama do comercio e xa con bastante diferenza nun segundo plano as actividades hostaleiras.

No conxunto da Comarca, a distribución das actividades relacionadas cos servizos e o comercio, está repartida como segue:

Gráfico: Distribución das actividades do sector terciario na Comarca de Ordes. Ano 2014



Fonte: IGE. Elaboración propia

Comercio

O comercio representa case o 57 % do sector dos servizos, e dentro dese son máis habituais os comercios de pequeno e mediano tamaño dedicados ó comercio a retallo (69,98%) , mais isto non exclúe a presenza de establecementos meirandes dedicados ó comercio por xunto que abastecen sobre todo ó sector primario. Trátase dun comercio adaptado ás necesidades dos arredores.

A maior parte da actividade comercial concéntrase no municipio de Ordes, como cabeceira comarcal que é, tanto no que respecta ó comercio por xunto como a retallo. Oroso e Cerceda ocupan o segundo e terceiro posto respectivamente polo que é na franxa central da Comarca onde se localiza gran parte desta actividade. Os datos da distribución dos establecementos comerciais recóllense na táboa seguinte:


Táboa: Distribución dos establecementos comerciais

Territorio	Número de empresas			Porcentaxe comarcal	
	Comercio por xunto	Comercio a retallo	Total	Comercio por xunto	Comercio a retallo
Cerceda	14	52	66	9,09%	14,48%
Frades	16	14	30	10,39%	3,90%
Mesía	13	16	29	8,44%	4,46%
Ordes	56	152	208	36,36%	42,34%
Oroso	35	72	107	22,73%	20,06%
Tordoia	12	24	36	7,79%	6,69%
Trazo	8	29	37	5,19%	8,08%
Comarca	154	359	513	30,02%	69,98%

Fonte: IGE. Elaboración propia. Ano 2014

A actividade comercial nos distintos municipios localízase nos núcleos de poboación máis grandes, actuando de centros comerciais de cada municipio. O núcleo de Ordes ademais tamén funciona coma centro de mercado e distribución da área comarcal xa que é aquí onde os municipios próximos acoden en demanda daqueles bens e servizos dos que carecen os seus municipios.

Gráfico: Distribución municipal de establecementos comerciais. Ano 2014



Fonte: IGE. Elaboración propia

Actualmente, a demanda interna está diminuindo xa que a actividade comercial da Comarca tamén está vinculada coas cidades máis achegadas, Santiago en primeiro lugar e A Coruña debido á maior mobilidade da poboación polas boas comunicacións existentes e á posición xeográfica entre estas dúas cidades.

Turismo e hostalaría

Aloxamentos turísticos

Segundo datos definitivos do ano 2013, as prazas en aloxamentos colectivos ofertadas na Comarca ascenden a 502, distribuídas en 21 establecementos diferentes, o que supón unha capacidade media de 24 prazas por aloxamento.

Táboa: Aloxamentos turísticos

	Hoteis		Pensións		Turismo rural		Campamentos de turismo		Apartamentos turísticos		Totais	
	Nº	Prazas	Nº	Prazas	Nº	Prazas	Nº	Prazas	Nº	Prazas	Nº	Prazas
Cerceda	0	-	1	20	0	-	0		0		1	20
Frades	0	-	1	21	0	-	0		0		1	21
Mesía	0	-	0	-	2	28	0		0		2	28
Ordes	6	219	4	77	2	20	0		0		12	316
Oroso	1	42	3	63	0	-	0		0		4	105
Tordoia	0	-	0	-	0	-	0		0		0	-
Trazo	0	-	0	-	1	12	0		0		1	12
Comarca	7	261	9	181	5	60	0	-	0	-	21	502

Fonte: Dirección Xeral de Turismo. Elaboración propia

Máis do 51% das prazas existentes (algo máis de 260) agrúpanse ao redor dun total de 7 hoteis que supoñen pouco máis do 33 % do total de establecementos rexistrados; estes datos atopan a súa explicación na elevada capacidade media desta tipoloxía de aloxamento: 37 camas/establecemento.

Destes 9 aloxamentos, atendendo á súa localización, todos deles sitúanse en zonas urbanas e, excepto un, na localidade de Ordes.

O 36,06% das prazas e o 42.86% dos establecementos comarcais teñen a cualificación de Pensións, modalidade que ten un aforamento medio relativamente alto, de case 21 prazas por bloque, sendo as Casas de Turismo rural os establecementos con menos prazas de aloxamento (60) e tamaño medio (12 prazas).

Analizando a categoría e cualificación de cada unha destas modalidades de aloxamento, observamos que:

- Os Hoteis máis frecuentes son os que teñen unha cualificación de 1 estrela (50 % do total de hoteis) e os que ofertan un maior número de prazas. Non existe na comarca ningún hotel de categoría superior a tres estrelas e só un de catro estrelas, no municipio de Ordes.
- Do número total de 9 pensións rexistradas no territorio, seis son de dúas estrelas, sendo o resto dunha estrela, que ofertan á súa vez un maior número de prazas.
- Dos cinco establecementos de turismo rural cos que conta a comarca, catro deles son casas de aldea (grupo B) e o restante correspóndese cunha casa de labranza (grupo C). Non existe ningún establecemento deste tipo catalogado no grupo A (Casa Grande, Casa Rectoral ou Pazo)
- A Comarca conta cun albergue de na localidade de Bruma no Concello de Mesía.

A primeira vista, obsérvase que a maior parte da oferta localízase nos concellos atravesados pola estrada N-550 . Iso pode ter unha

Faise preciso salientar que dos cinco establecementos de turismo rural existentes na Comarca de des, 2 deles foron contando coa axuda do Programa Leader, e dicir, o 40% da oferta de aloxamentos de turismo rural e o 33,3% das prazas dispoñibles nesta modalidade. Ambos establecementos están situados en pleno Camiño Inglés de peregrinación a Santiago de Compostela.

Restauración

Segundo datos da Dirección Xeral de Turismo, no ano 2013 persiste o claro entre no número de establecementos localizados nos municipios que son atravesados pola estrada N-550 e os máis interiores e rurais. Así, do total de restaurantes inventariados o 70% concéntrase nas localidades de Ordes e Oroso.

O número de restaurantes cos que conta a Comarca ascende a 47 que supoñen 3.382 prazas.

Táboa: Restaurantes da Comarca de Ordes a 31/12/2013

Territorio	Restaurantes		Un garfo		Dous garfos	
	Número	Prazas	nº	Prazas	nº	Prazas
Cerceda	5	574	3	196	2	378
Frades	1	80	1	80		
Mesía	3	154	3	154		
Ordes	19	1.408	15	1.028	4	380
Oroso	16	922	16	922		
Tordoia	1	70	1	70		
Trazo	2	174	2	174		
Comarca	47	3.382	41	2.624	6	758

Fonte: Dirección Xeral de Turismo. Elaboración propia

En canto á súa distribución por categorías, a Comarca conta con 6 establecementos de dous garfos, que representan o 12,77 % do total, e o resto, o 87,23% correspóndense cos dun garfo que aportan o 77,59 % das prazas totais.

Os únicos seis restaurantes de dous garfos (con 758 prazas, equivalentes ao 22,41% do total) localízanse en Ordes e Cerceda.

Como xa se sinalou, a modernización e mellora, sobre todo polo que se refire á calidade da oferta gastronómica, prodúcese en gran medida pola modernización dos establecementos existentes; sendo poucos os novos restaurantes que se abren e que ten á fronte novos emprendedores. O motivo seguramente se relaciona co feito de que se trata en xeral de establecementos de carácter familiar, polo que son as segundas xeracións as que se fan cargo e melloran os negocios familiares.

Non existen na comarca restaurantes especializados (marisquerías, vexetarianos, ..) e moi escasos os que ofertan nas súas cartas menús dirixidos a clientes con intolerancias alimenticias.

Constátase, por tanto, a necesidade de incidir no fomento da iniciativa emprendedora coa que ampliar a oferta de restauración, especialmente en determinadas zonas cun gran potencial e baixo desenvolvemento do sector.

Sinalar que dos 47 establecementos de restauración da nosa comarca, 3 deles (case un 7 % do total) foi beneficiario dos programas LEADER, e que supuxo unha mellora importante, sobre todo a nivel cualitativo, na oferta gastronómica deste territorio.

Outros establecementos turísticos

A Comarca conta unicamente con tres axencias de viaxe, repartidas entres Ordes (2) e Oroso (1).

13.- RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE

CARACTERIZACIÓN XEOLÓXICA E EDAFOLÓXICA

A Comarca de Ordes está encaixada, dentro do marco xeolóxico, dentro da denominada Zona Centroibérica, caracterizada por un grande desenvolvemento do metamorfismo e granitización hercínica, así como de macizos básicos.

Os diferentes autores que traballaron na zona diferenzaron dous dominios xeolóxicos. O dominio do Macizo de Ordes e o Dominio Periférico do Macizo de Ordes. Ambos dominios están representados, polo menos de forma parcial, na comarca e caracterízanse por.

- **Dominio da Serie de Ordes:** constituído na súa base por gneises alcalinos blastomiloníticos con algunhas inclusións de retroecloxitas. Sobre esta unidade sitúase unha serie xistosa de grande potencia, de carácter grauváquico cara o teito e con intrusións de anfíbolitas e rochas ultrabásicas.
- **Dominio periférico do Macizo de Ordes:** constituído principalmente por xistos e metaareniscas que foron intensamente migmatizados. Afloran un conxunto de rochas

graníticas hercínicas de carácter alcalino e calcoalcalino e un conxunto de rochas básicas e ultrabásicas (non moi abundosas na zona de estudio) baseado na presenza de anfibolitas, piroxenitas, metagabros pegmatoides e gabros.

A Comarca de Ordes forma parte da penachaira galega e está constituída por superficies de erosión lixeiramente basculadas cara o Sur, pertencendo na súa maior parte ó val do río Tambre. O territorio ten unha topografía pouco acusada polo xeral unicamente interrompida por pequenas formas no relevo.

A serra de Montemaior, ligada a unha litoloxía algo máis complicada e afectada por unha tectónica e fracturas, desenvólvese no límite occidental da comarca, servindo de divisoria coa comarca do Xallas. Esta transición vese rompida pola fosa tectónica do Dubra que se abre cara o Sur, en dirección ó val do Tambre.

Unha das consecuencias máis salientables da litoloxía das amplas zonas da comarca dominadas por xistos da Serie de Ordes, e a característica suavidade das formas. A diferente constitución litolóxica e a evolución xeolóxica explican o carácter algo máis montañoso dos municipios occidentais (fora do dominio da Serie de Ordes). Deste factores derívase unha presenza de solos máis pobres en xeral que combinados ás maiores pendentes dan lugar a unha diferente humanización do espazo e das actividades.

Os diferentes planos de altitude móvense entre os 250 e os 500 metros, situándose os puntos máis elevados no 546 metros do Pico Picoi en Mesía, os 595 metros de pena Cedeira en Cerceda e Monte Castelo con 569 metros en Tordoia.

Os planos de altitude máis baixos están constituídos por superficies de erosión de finais do oligoceno e mioceno sobre das que se encaixou (máis ou menos suavemente) a densa rede hidrográfica dos afluentes do Tambre.




Gráfico: Distribución altitudinal da Comarca de Ordes.

CARACTERIZACIÓN CLIMATOLÓXICA

En termos climáticos, a Comarca de Ordes, sitúase a cabalo dun val de longa extensión (río Tambre) polo sur, e unha serie de serras de baixa altura polo norte e oeste.

A temperatura media da estación meteorolóxica de Montaos, e de 12.3°C, polo que pódese definir coma un clima temperado. A temperatura media por estacións son as seguintes:

	Inverno	Primavera	Verán	Outono
Tmedia (°C)	7.8	12.6	17.6	9.9

A amplitude entre meses é de 11.8°C, sendo a extrema duns 21°C

Non existe período libre de xeadas mínimas (7°C) ó longo do ano, aspecto que caracteriza todo o val superior do río Tambre, e os períodos libres de xeadas dispoñible (2°C) e media (0°C) son tan só de 102 e 165 días respectivamente.

No que se refire ó réxime pluviométrico, a precipitación anual é elevada, entre os 1500 e os 1700 mm no conxunto da Comarca, superando a media Galega que se sitúa no entorno dos 1400 mm.

A estación máis chuviosa é o outono, co 41% das precipitacións anuais e a estación máis seca é o verán con tan só o 10,6% do total, considerándose acusada a estacionalidade pluviométrica, xa que tras un verán seco segue un outono moi húmido con importantes precipitacións.

Poderíase dicir que a Comarca de Ordes localízase no límite do clima oceánico, é dicir, ata onde a influencia marítima ten máis importancia no rigor térmico, se ben xa se nota un maior incremento en relación á orla costeira.

Trátase dunha zona cun clima temperado oceánico e húmido, con precipitacións anuais por encima dos 1500 mm. O mes máis chuvioso localízase entre decembro e xaneiro e o máis seco en xullo, que con xuño e agosto padecen unha certa seca. A temperatura media está entre os 12 e 13°C e a oscilación térmica é reducida debido á influencia oceánica comentada anteriormente. Os días de chuva case nunca chegan ós 150 por ano, e no inverno pode haber algunhas xeadas, de 150 a 200 días por ano.

Se temos en conta a Evapotranspiración anual (650–750 mm), a Comarca sitúase no límite entre a orla costeira e o resto de Galicia. A causa do réxime pluviométrico, dos caracteres vexetais e do papel que execren os solos nas diversas fases do balance hídrico, o déficit de precipitación da zona é de 100 a 150 mm.

USOS DO CHAN. DISTRIBUCIÓN DE TERRAS


As características climáticas, edafolóxicas e agrolóxicas do territorio condiciona o uso do chan. A metade do terreo é forestal e se a este sumámoslle os prados, os pasteiros e o baldío a pasto, alcánzase case o 70% do toda a superficie da Comarca como se pode observar na seguinte táboa.

Táboa: Distribución xeral das terras na Comarca de Ordes. Hectáreas

	Cultivos	Prados e Pasteiros	Forestal	Outras superficies	Total (T)
COMARCA	23.207	6.885	38.304	7.161	75.557

Fonte: Anuario de Estatística Agraria 2014. Elaboración propia

Atendendo ós datos das producións agropecuarias da Comarca de Ordes, segundo datos do Anuario Estatística agrario 2014, obtemos as proporcións reflectidas no gráfico. Nelas observamos que a porción máis grande da terra agraria emprégase en materias asociadas á produción gandeira. Así o 13,94% desta superficie é dedicada a prados e pasteiros, un 59,46 % a cultivos forraxeiros, e un 2,22 % a cereais que poden ser empregados, en certa medida, tamén como forraxe para o gando

Gráfico: Distribución da superficie agraria

Fonte: Anuario de Estatística Agraria 2014. Elaboración propia

Táboa: Distribución dos principais grupos de cultivo

	Comarca de Ordes	Provincia de A Coruña	Galicia
Cereais gran	1.098	11.079	40.430
Cultivos forraxeiros	29.377	135.692	286.839
Tubérculos	357	6.016	20.258
Leguminosas gran	55	932	2.109
Hortícolas e froitos de horta	844	6.092	15.772
Total culivos herbáceos	31.731	159.811	365.408
Froiteiras	133	4.893	12.142
Castiñeiro	308	2.774	24.368
Viñedo	23	2.426	24.837
Total culivos leñosos	464	10.093	61.347
TOTAL CULTIVOS	32.195	169.904	426.755

Fonte: Anuario de Estatística Agraria 2014. Elaboración propia

FLORA E FAUNA

Flora

A Comarca de Ordes caracterízase por unha similitude florística en todo o seu territorio debido ás escasas diferenzas altitudinais e climáticas, o que contrasta coa riqueza florística de Galicia.

A composición florística está determinada pola localización deste territorio dentro da Rexión Eurosiberiana, provincia Cantabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsectores Compostelano e Miñense. Pódense diferenciar dúas series, unha colina e outra montana que se suceden altitudinalmente e que presentan ámbalas dúas o *Quercus robur* como a especie dominante. Son *Rusco aculeati-Quercetum roboris* e *Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris* respectivamente.

A primeira delas é unha carballeira inferior suxeita a unha certa xericidade estival que se manifesta na presenza de especies lauroides ou de óptimo mediterráneo que chegan por vía lusitana. Entre estas especies destacan o laurel (*Laurus nobilis*). O clímax desta serie colina correspóndese cunha carballeira densa con certa cantidade de *Quercus pyrenaica*, *Ilex aquifolium*, *Castanea sativa*, *Laurus nobilis* e *Quercus robur*.

De xeito xeral, cada lomba repite o modelo cumio-ladeira-val cos seguintes compoñentes: cultivo arbóreo- cultivo herbáceo e núcleo de poboación-prado. A carballeira termófila potencial foi substituído por cultivos herbáceos e arbóreos, que alternan con matogueiras e residuos abertos e degradados da carballeira inicial.

A vocación dos territorios correspondentes a esta serie é agrícola, forestal e gandeira. Hai poucos restos da vexetación orixinal, quedan exemplares illados de carballos, pois correspóndese cun área bastante poboada, e cun uso principalmente gandeiro.

A degradación moderada dos bosques desta serie da paso a xesteiras, que son un mato denso que ten unha estrutura que corresponde a un piornal de grande talla rico en fieitos (*Pteridium aquilinum*), silvas (*Rubus lusitanus*) e toxos (*Ulex europaeus*).

Existe un sotobosque arbustivo, máis ou menos denso no que se soe atopar *Ruscus aculeatus*, *Arbutus unedo*, *Crataegus monogyna*, *Corylus avellana*, etc.

Tamén hai bastantes repoboacións de piñeiros e eucaliptos. As producións poden ser altas se se realiza unha silvicultura axeitada, nun momento en que medra a demanda de madeira.

Nas zonas máis elevadas, a partir dos 400 metros o bosque potencial é *Vaccinio myrtilli-Quercetum roboris*. Ocupa as zonas de Serra de Montemaior, Monte Xalo, Monte do Castelo. Encóntranse as etapas de regresión, sobre todo o ucedo e toxal, ou foi substituída por repoboacións, que por outro lado foron moi danadas polo lume. Tamén hai praderías onde abundan os trevos (*Trifolium repens*, *Trifolium pratenses*) e gramíneas (*Agrostis capillaris*).

Como diferenza entre este dominio e o comentado anteriormente, cabe destaca-lo distinto comportamento do bidueiro. No dominio de latitudes máis baixas o bidueiro só coloniza bosques riparios, en demanda dunha humidade da que carecen os solos non situados nos fondos dos vales. No dominio da carballeira superior o bidueiro forma bosques secundarios, que non precisan aporte suplementario de auga.

Outra serie que se atopa é a formada polos ameneirais riparios queda practicamente reducida a liñas ó longo dos canles, debido á intensa explotación destes ecosistemas, altamente produtivos, que foron substituídos por cultivos e praderías naturais.

Fauna

- As especies de peixes inventariadas na rede hidrográfica son as seguintes:

ICTIOFAUNA			
Especie	Nome común	D90	HAB
<i>Salmo trutta trutta</i> (Linnaeus, 1758)	Reo	--	--
<i>Salmo trutta fario</i> (Linnaeus, 1758)	Troita común	--	--
<i>Chondostroma polylepis duriensis</i> (Coelho, 1985)	Boga	--	II
<i>Anguilla anguilla</i> (Linnaeus, 1758)	Anguila	--	--

- Case tódalas especies de anfibios e réptiles presentes son consideradas como de interese especial. Destas, algunhas destacan polo seu estado de protección e pola súa singularidade.
 - *Hyla arborea* (Rela común) é unha das especies que está sufrindo un forte retroceso de poboación debido á contaminación das augas. É unha especie potencialmente moi vulnerable e precisa da conservación de amplos espazos pouco alterados xa que forma metapoboacións cunha elevada taxa de distribución.
 - Outros anfibios importantes son por exemplo *Bufo calamita* (Sapo corriqueiro) ou *Rana Iberica* (Ra patilonga), ambos considerados como especies estritamente protexidas polo convenio de Berna. Ademais, a Ra patilonga é unha especie endémica e considerada como case ameazada no territorio galego.

No que se refire ós réptiles, pódese destaca-la presenza na zona de tres especies endémicas que son *Lacerta schreiberi* (Lagarto das silvas), *Podarcis bocagei* (Lagartixa galega) e *Vipera seoanei* (Víbora de Seoane).

- Dentro do grupo das aves, son varias as especies que se consideran vulnerables pola IUCN como son *Accipeter gentilis* (Azor), *Falco subbuteo* (Falcón pequeno), *Falco peregrinus* (Falcón peregrino) *Streptopelia turtur* (Rula común).
- Como especies máis destacables dentro do grupo dos mamíferos atópase a londra (*Lutra lutra*), considerada como unha especie vulnerable e protexida polo Convenio de Berna, pola directiva Hábitats e establecida como de interese especial polo Catálogo Nacional de

Especies Ameazadas. Nesta mesma situación atópase o gato bravo (*Felis sylvestris*) e un dos morcegos que se poden localizar no noso territorio, o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*).

Segundo os biótopos pódense destacar:

- As zonas das marxes de ríos e zonas húmidas son unidades cun alto valor faunístico xa que presentan unha diversidade de fauna alta. A maioría das especies de anfibios atópanse neste tipo de hábitat, como as pertencentes ás familias *Salamandridae* e *Ranidae*. Tamén algúns mamíferos tan importantes como *Lutra lutra* ocupan as ribeiras de ríos. Estes biótopos están ocupados ademais, por especies de réptiles como é o caso de *Natrix sp.* coas súas dúas especies inventariadas dentro do municipio (*Natrix natrix* e *Natrix maura*) e o endemismo ibérico mencionado anteriormente, *Lacerta schreiberi*.
- As fragas e bosques de tipo caducifolio tamén teñen especial importancia. Son numerosas as especies de mamíferos que habitan estas zonas como as pertencentes á familia *Soricidae* (*Sorex sp.*, *Neomys anomalus* e *Crocidura russula*). Este tipo de bosques alberga especies importantes polas súas características de conservación e coñecemento como son *Felis sylvestris* (Gato bravo), *Meles meles* (Teixo) e *Genetta genetta* (Algaria). En canto ás especies de réptiles que habitan estas zonas cabe destacar *Coronella austriaca* que é considerada como especie estritamente protexida pola Directiva hábitats e polo Convenio de Berna. Dentro dos anfibios, é *Chioglossa lusitanica* o anfibio presente neste biótopo que conta cunha protección máis estrita.
- No biótopo das áreas de cultivo e prados non son escasas as especies de anfibios, das que merece destacar *Bufo bufo* (Sapo común). Entre os réptiles, atópanse nestas zonas especies que tamén habitan noutros tipos de biótopos como son *Natrix natrix* (Cobra de collar) e *Lacerta schreiberi* e outras máis características deste hábitat como *Anguis fragilis* (Escáncer). Entre os mamíferos que ocupan as zonas de prados e cultivos temos numerosas especies da familia *Soricidae*, ó igual que nas fragas, tamén atopamos a *Martes foina* (Garduña), *Mustela erminea* (Armiño) e *Rattus rattus* (Rata cincenta) entre outras.
- As especies dos bosques de repoboación non soen ser unicamente características deste biótopo senón que teñen un hábitat variado. Son *Capreolus capreolus*, *Sus scrofa* (Xabarín), *Meles meles*, *Sciurus vulgaris* (Esquío) e *Eliomys quercinus* (Leirón) as especies que normalmente aparecen nestas zonas da Comarca de Ordes.
- O biótopo correspondente ás zonas suburbanas non soe ser o elixido pola maioría de especies silvestres, soamente se atopan nestas zonas aquelas especies que atopan nas construcións humanas un lugar de refuxio, un alimento fácil de conseguir e o ambiente morno destas zonas. Ó falar deste biótopo hai que mencionar algunhas especies de roedores como *Rattus rattus* e *Rattus norvegicus* e quirópteros como *Rhinolophus ferrumequinum* e *Pipistrellus pipistrellus* entre outros.

No que se refire ás aves, a pesar da súa gran mobilidade, tamén teñen as súas preferencias por hábitats máis concretos sobre todo para o lugar de anidamento. Así atopamos especies de aves en

tódolos biótupos anteriormente mencionados. As fragas e bosques de caducifolias é o biótupo elixido por gran cantidade de individuos como son especies pertencentes á familia *Muscicapidae* (*Hippolais polyglotta*, *Sylvia sp.*, *Phylloscopus collybita*, *Regulus ignicapillus*, *Turdus sp.*), á familia *Paridae* (*Parus sp.*, *Aegithalos caudatus*) ou *Fringillidae*.

Nas zonas de cultivos e prados habitan especies de aves tan diversas como *Coturnix coturnix*, *Athene noctua*, *Upupa epops*, *Troglodytes troglodytes*, *Oriolus oriolus*, *Carduelis chloris* ou *Corvus corone*.

As edificacións e zonas suburbanas tamén son un tipo de hábitat para moitas aves que aproveitan buracos en construcións abandonadas ou partes altas para instalar os seus niños. Este é o caso de *Falco tinnunculus*, *Tyto alba* ou *Apus apus*.

Atendendo ás especies de aves características de monte baixo pódense citar *Sylvia undata*, *Caprimulgus europaeus*, ou *Prunella modularis*.

ESPazos PROTEXIDOS E LUGARES DE INTERESE

Debido ós valores ecolóxicos, biolóxicos, botánicos, paisaxísticos, científicos, educativos e recreativos, algúns dos terreos que ocupa a Comarca débense preservar para a súa protección, conservación e mellora. Estes fan referencia sobre todo ó territorio ocupado polo LIC do Río Tambre, ós hábitats de interese comunitario que están presentes na comarca e e ós humidais.

A conservación das marxes dos ríos tamén resulta moi interesante posto que contribúen ó incremento da diversidade dos ecosistemas e á variedade da paisaxe.

De tódolos xeitos, trátase dunha zona bastante antropizada, na que se arrasou gran parte da vexetación orixinal, polo que se reduce o número de zonas de especial interese natural.

Cabe mencionala presenza de numerosas brañas e gándaras e de algunhas turbeiras de grande interese botánico e educativo pola presenza de taxóns coma *Drosera rotundifolia*.

Espazos protexidos.

Actualmente o único espazo protexido dentro da Comarca de Ordes é o Lic do Tambre, declarado no ano 2001, que cunha superficie de 583 Ha. e unha altitude media de 261 metros repártese entre os municipios de Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago e O Pino polo que afecta a tódolos municipios incluídos na Comarca a excepción do de Cerceda.

O LIC do Tambre non comprende soamente o río do mesmo nome e as súas marxes senón que tamén inclúe a parte dos seus afluentes (río Lengüelle e Samo dentro da Comarca e o Sionlla).

O Tambre constitúe unha cunca de 1530 km² moi desimétrica debido á amplitude dos seus afluentes, os ríos Barcala, Dubra e Lengüelle. Tamén recolle augas dos ríos Batán, Cabalar, Maruzo,

Samo, Ponte, Paradela, Sionlla e Muiño, lembrando que o Tambre se forma de varios regatos que nacen na serra do Bocelo, coma o Caxide e Rodelo, que forman a lagoa de Sobrado, onde queda formalizado a canle do río.

Os principais hábitats protexidos neste espazo son:

- 91E0*. Bosques de ribeira con *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-padion*, *Alnion incanae* e *Salicion albae*)
- 9230. Bosques de carballos galaico-portugueses de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*
- 4090. Uceiras oromediterráneas endémicas con toxos
- 4030. Uceiras secas europeas.
- 4020*. Toxais húmidos atlánticos de zonas tépedas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*
- 3260. Cursos de auga entre montañas con *Ranunculion fluitantis* e *Callitricho-Batrachion*
- 3150. Lagoas naturais eutróficas con *Magnopotamion* ou *Hidrocharition*-vexetación tipo.

Humedais.


En todo o territorio de estudio localízanse doce dos humedais recollidos no Inventario de Humedais de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, dispersos polos sete municipios da Comarca. A súa relación e descrición figura a continuación:

Táboa. Humedais inventariados na Comarca de Ordes

GRUPO	Nome	Superficie m ²	Concellos
Sistema de islas terrágenas con inundación estacional y cubiertas por bosques aluviales	Insuas	7801	Trazo
	Insua Martiñeira	10058	Oroso
Cascadas (Fervenzas y Pozos)	Fervenza de Sampaio	903	Tordoia
Humedales boscosos de agua dulce; incluye bosques pantanosos de agua dulce, bosques inundados estacionalmente, pantanos arbolados; sobre suelos inorgánicos.	Salgueiro	38305	Frades, Mesía
Pantanos/esteros/charcas estacionales/intermitentes de agua dulce sobre suelos inorgánicos; incluye depresiones inundadas (lagunas de carga y recarga), praderas inundadas estacionalmente, pantanos de ciperáceas.	Veigas de O Peñasco	7505	Frades
	O Maruzo	2451	Mesía
	Os Liñares	28982	Frades
	As Capelas	64616	Mesía

GRUPO	Nome	Superficie m ²	Concellos
Estanques artificiais; inclúe estanques de granjas, estanques pequenos (xeralmente de menos de 8 Ha).	Encoro de Pumariño	6255	Cerceda
Áreas de almacenamento de auga; reservorios, diques, represas hidroeléctricas, estanques artificiais (xeralmente de máis de 8 ha).	Encoro de Vilasenín	419371	Cerceda, Ordes
	Encoro de Vilagudín	1581641	Cerceda, Ordes, Tordoia
	Encoro de San Xoán de Fecha	52170	Trazo

Ilustración. Humedais inventariados na Comarca



HIDROLOXIA

A Hidroloxía da Comarca de Ordes caracterízase pola presenza dun dos ríos máis importantes de Galicia, o Tambre, do cal a cunca media abarca gran parte dos municipios que conforman a devandita comarca. É o Tambre o que delimita a comarca polo Sur polo que esta se sitúa na marxe dereita desta cunca.


A distribución da Comarca entre as cuncas dos diferentes sistemas fluviais aparece na seguinte táboa:

Táboa: Porcentaxe da superficie en cada cunca

Concello	Tambre	Mero	Anllóns	Mandeo
Cerceda	61 %	30 %	9 %	
Frades	100 %			
Mesía	90 %	9 %		1 %
Ordes	97 %	3 %		
Oroso	100 %			
Tordoia	92 %		8 %	
Trazo	100 %			

Ríos importantes na rede de drenaxe da comarca son dous dos afluentes que o Tambre ten pola dereita: o río Lengüelle e o Samo que a recorren de Norte a Sur, perpendiculares ó Tambre. Dada a súa lonxitude, conforman unha cunca moito máis ampla na marxe dereita.

Ilustración: Rede fluvial da Comarca



Dende o seu nacemento nos Montes de Bocelo en Sobrado ata a súa desembocadura en Ponte Nafonso na ría de Noia, o Tambre percorre 134 quilómetros e conforma unha cunca duns 1530 km², unha das máis alongadas de Galicia.

O Tambre fórmase pola unión dunha serie de regatos (o Caxide, o Canizos, o Cabanas e o Rodelo) con fontes nos Montes de Bocelo en terras de Sobrado. Ó longo do seu percorrido poden diferenciarse tres tramos: o primeiro ata o nivel dos 200 m con 1,27% de pendente media; un segundo ata os 80 m, augas abaixo de onde parte a canle de alimentación da central hidroeléctrica,

que ten de pendente media 0,12%, e un terceiro no forte encaixamento final do río con 1,71% de pendente media. O caudal mensual presenta un cumio en febreiro, con 114,6 m³/s e unha estiaxe en agosto con 8,0 m³/s. A diferenza máis grande no caudal dáse entre os meses de novembro e decembro, con máis de 35 m³/s.

O primeiro tramo de percorrido faino por unha superficie aplanada e recibe algún afluente de pequeno tamaño. O tramo medio é o que discorre pola Comarca e é onde máis caudal lle aportan os seus afluentes. Entre os máis importantes, o que desemboca a maior altitude é o Samo que entra na Mancomunidade pola parte oriental do municipio de Mesía, funciona como límite de Frades con Mesía e Ordes nalgúns tramos, posteriormente atravesa Oroso para desembocar no Tambre.

O Lengüelle é o afluente máis grande do Tambre e está formado por unha serie de regatos que lle aportan un caudal de 3,7 m³/s. Nace ó norte de Cerceda na Serra de Montemaior, discorre por un terreo pouco abrupto e desemboca no Tambre nunha zona de brañas. Drena unha gran cunca de 322 km² e apórtalle ó Tambre 11 m³/s.

O río Dubra é outro dos afluentes do Tambre máis importantes que pasan pola Mancomunidade mais a gran parte do seu percorrido faino polo municipio veciño do Val do Dubra. Este río ten o seu nacemento no municipio de Tordoia.

En toda a cunca que forma parte da Comarca tan só existen dous encoros, ambos na cabeceira da subcunca do río Lengüelle, o de Vilagudín e Vilasenín.

XESTIÓN DE RESÍDUOS

Segundo datos obtidos da Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, a 31 de decembro de 2013 a dotación de infraestruturas para a recollida selectiva de residuos na comarca é alta cun total de 3.610 colectores dos que 2.648 son de recollida non selectiva.

A media de colectores por núcleo ascende a 11,74 dos que 8,77 corresponden a recollida non selectiva.

Por municipios o que representa unha media máis alta por núcleo é Cerceda con 21,50 colectores de media, dos que 17,40 cobren a recollida non selectiva. A continuación figura Oroso con 19,50 colectores de media por núcleo, 13 dos cales son de recollida non selectiva. No extremo oposto sitúanse Frades e Mesía que non alcanzan os 6 colectores por núcleo, non chegando a 3 colectores de recollida non selectiva.

Táboa: Número de colectores segundo tipo de residuo e municipio

Territorio	Número de colectores				Colectores media núcleos			
	Non selectiva	Vidro	Papel	Envases Plástico	Non selectiva	Vidro	Papel	Envases Plástico
Cerceda	574	36	68	20	17,40	1,10	2,10	0,90
Frades	92	19	5	80	2,70	0,60	0,10	2,40
Mesía	130	16	13	37	2,50	0,30	0,20	0,70
Ordes	599	100	71	158	4,90	0,80	0,60	1,30
Oroso	429	49	35	130	13,00	1,50	1,10	3,90
Tordoia	408	15	26	25	12,40	0,50	0,80	0,80
Trazo	416	22	11	26	8,50	0,40	0,20	0,50
Comarca	2.648	257	229	476	8,77	0,74	0,73	1,50

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Na Comarca de Ordes, o cociente colectores por cada 100 habitantes sitúase en 9,51 colectores. Por municipios, a proporción máis elevada correspóndelle a Trazo, seguido de Cerceda e Tordoia, todos eles con máis de 12 colectores por cada 100 habitantes.

Táboa: Número de colectores por cada 100 habitantes

TERRITORIO	NON SELECTIVA	VIDRO	PAPEL	ENVASES PLÁSTICO	TOTAL
Cerceda	10,892	0,68	1,29	0,38	13,24
Frades	3,665	0,76	0,20	3,19	7,81
Mesía	4,906	0,60	0,49	1,40	7,40
Ordes	4,629	0,77	0,55	1,22	7,17
Oroso	5,773	0,66	0,47	1,75	8,65
Tordoia	10,689	0,39	0,68	0,65	12,42
Trazo	12,444	0,66	0,33	0,78	14,21
Comarca	6,976	0,68	0,60	1,25	9,51

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Nos concellos con núcleos importantes, existe unha menor dotación de contedores de RSU por persoa debido a que o radio de influencia de cada contedor abarca moita máis poboación que se esta estivera dispersa.

A produción de RSU na Comarca ascende a 9.966,30 Tm/ano cunha taxa de produción de 0,26 Tm/habitante. Ordes, Oroso e Cerceda son os municipios nos que se realiza unha maior recollida de residuos, especialmente no primeiro deles con case 3.500 Tm/ano.. No extremo oposto Frades e Mesía que non chegan as 700 Tm/ano de RSU.

Táboa: Toneladas de residuos xerados por anao. Taxa produción

	Tm de RSU xeradas/ano	Taxa produc. de RSU (Tm/hab)
Cerceda	1.432,20	0,27
Frades	629,60	0,25
Mesía	689,80	0,24
Ordes	3.488,80	0,27
Oroso	2.034,60	0,27
Tordoia	904,40	0,24
Trazo	786,90	0,24
Comarca	9.966,30	0,26

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Dos datos obtidos dos Concellos, a frecuencia na recollida de residuos é a seguinte:

	Cerceda	Frades	Mesía	Ordes	Oroso	Tordoia	Trazo
RSU							
Núcleo urbano 1	5 días/semana			6 días/semana	7 días/semana		
Núcleo urbano 2	3 días/semana			3 días/semana	3 días/semana		
Resto de núcleo	2 días/semana	2 días/semana	2 días/semana	2 días/semana	2 días/semana	2 días/semana	3 días/semana
Zonas rurais	1 día/semana	1 día/semana	1 día/semana	2 días/semana	2 días/semana	1 día/semana	1 día/semana
Enseres voluminosos e chatarra	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes
Envases lixeiros	2 veces/mes	2 veces/mes	2 veces/mes	2 días/semana	2 días/semana	1 día/semana	1 día/semana
Vidro	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	2 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes	1 vez/mes

Residuos industriais

A xestión dos residuos industriais é realizada polas propias industrias, sendo competencia súa a contratación dun xestor autorizado.

Segundo datos da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, non existe na Comarca de Ordes ningún xestor autorizado de residuos industriais.

Residuos de construción

Na Comarca de Ordes existe un proxecto de vertedoiro de residuos de construción no concello de Cerceda con capacidade de 54.000 Tn e unha vida útil estimada de 10 anos. Actualmente este vertedoiro aínda non se atopa en funcionamento.

Puntos limpos

Na Comarca de Ordes hai na actualidade un total de tres puntos limpos situados nos Concellos de Cerceda, Ordes e –Oroso.

Neste tipo de instalacións pódense depositar: Papel e cartón; vidro; plásticos de diferentes tipos, metais, téxtil, calquera residuo que, polo seu tamaño non poda depositarse nos contedores da rúa; material inerte procedente de pequenas obras domésticas; *sprays*; tubos fluorescentes; pilas; baterías; aceites usados; medicamentos e radiografías.

14.- INFRAESTRUTURAS

INFRAESTRUTURAS VIARIAS

A infraestrutura viaria artículase sobre a N-550, A Coruña-Tui, que atravesa a Comarca de norte a sur, pasando polos concellos de Ordes e Oroso. Esta estrada serve para comunicar esta zona cas cidades próximas máis importantes (A Coruña e Santiago), sendo a principal vía de accesibilidade ós concellos polos que discorre.

En menor medida esta función ven complementada pola autoestrada AP-9, que tamén comunica esta zona con A Coruña e Santiago, pero que só conta cun enlace en Ordes e outro en Sigüeiro (só con dirección Santiago). Esta concentración da accesibilidade nun punto é propia das vías de alta capacidade.

A zona oeste Comarca (concellos de Frades e Mesía) artéllase sobre a estrada N-634, Ribadeo-Santiago, que comunica esta zona con Santiago e a A-6 á altura de Guitiriz.

Con moita menor importancia, figuran a estrada autonómica C-542, que parte de Mesón do Vento ata Betanzos e as estradas AC-413 (Ordes-A Silva) e AC-412 (A Silva-Carballo) que serven de comunicación da zona noroeste da Comarca (principalmente Cerceda) ca área de Carballo.

Outras estradas relevantes son a AC-401 (Sigrás-A Silva) e AC-402 (A Silva-Santa Comba) que discorre polo concello de Cerceda e polo límite norte do concello de Tordoia, e que serve de comunicación desta zona co núcleo de A Coruña e a zona de Muros e Carnota. Por último salienta-la estrada AC-224 que comunica Ordes ca N-634 en Mesía, unindo deste xeito as dúas estradas con máis relevancia da Comarca, N-550 e N-634.

Sobre estas estradas apóiase unha rede secundaria de estradas provinciais e locais.

Achégase a continuación unha táboa co índice de pavimentación, a porcentaxe de vías asfaltadas en mal estado incluído na EIEL 2014.

Táboa Índice de firme. Lonxitude asfaltada e en mal estado

Territorio	Índice de firme	% lonxitude asfaltada	% lonxitude mal estado
Cerceda	73,38	89,20%	10,61%
Frades	71,47	89,90%	10,10%
Mesía	68,12	77,70%	22,30%
Ordes	77,08	56,60%	43,30%
Oroso	69,57	66,10%	33,80%
Tordoia	65,67	79,50%	20,40%
Trazo	74,82	75,70%	24,30%
Comarca	41,07	76,39%	23,54%
Provincia	51,74		

Fonte: EIEL 2014

Como se pode observar, Mesía, Oroso e Tordoia son os municipios que presentan un menor índice de firme e Ordes e o concello que presenta máis porcentaxe de vías sen asfaltar é en mal estado.

Compre sinalar que na actualidade o acceso a A Coruña contempla unha nova posibilidade a través da Autovía do Noroeste.

Con respecto ó ferrocarril, salienta-lo paso da liña Santiago-A Coruña pola Comarca, en concreto polos concellos de Ordes, Tordoia e Cerceda.

Asemade, existe un importante tráfico de mercadorías, debido fundamentalmente á central térmica de Meirama e á central de Sogama, localizadas ambas no concello de Cerceda.

Por último indica-la construción da liña de alta velocidade Santiago-A Coruña que atravesará a Comarca de Ordes.

TRANSPORTE PÚBLICO

Obsérvanse necesidades e carencias polo que respecta aos servizos públicos de transportes da comarca co resto da rexión. O autobús é o medio público de transporte máis utilizado.

Na comarca non existe ningunha estación de autobuses.

A mellora físicas das infraestruturas non leva parella en igual calidade a mellora do servizo presta o polas liñas do transporte público de viaxeiros de autobús.

Nas liñas regulares de autobuses que discorren pola Comarca de Ordes apréciase unha forte distinción entre as que realizan o traxecto pola N-550, unindo a Comarca con A Coruña e Santiago e o resto.

Deste xeito, existen da orde de 11-12 autobuses diarios por semana que unen Ordes e Oroso con A Coruña e Santiago, mentres que a comunicación do resto da Comarca con estas cidades, así como a comunicación entre concellos da mesma, presenta unhas frecuencias moito menores.

O concello de Cerceda, restante concello urbano, ten unha comunicación con A Coruña de tres autobuses diarios por semana, non contando con ningún enlace directo con Santiago.

A continuación achégase unha táboa coas licencias de taxi nos distintos concellos da Comarca.

A comunicación interna mediante transporte público cos concellos máis rurais é moi dificultosa, non existen liñas regulares de transporte que una a capital deste municipios coa capital comarcal, salvo a liña de transporte escolar.

A limitada eficacia do servizo público de transporte nos municipios interiores da comarca, parece lonxe de toda dúbida, pois non existe servizo regular que una os distintos núcleos poboacionais dos concellos coas súas respectivas capitais municipais. A escaseza de oferta, unida a ausencia de demanda, constitúe un círculo de difícil valoración causa-efecto e de non menos difícil solución (ante a ante a esixencia de viabilidade económica de toda iniciativa privada).

Ao despoboamento e dispersión da zona rural e progresivo envellecemento da poboación que afecta as zonas máis afastadas da cabeceira comarcal, únese a inexistencia dun sistema público de transporte que contribúa a paliar os inconvenientes do illamento físico e virtual destas poboacións. O deficitario servizo público súplese con sistemas de transporte de viaxeiros de carácter privado.

Así, existe en toda a comarca servizo de taxis de carácter privado, cuxa demanda é moi elevada ante as carencias ou limitacións de transportes de carácter público. Moitos habitantes da contorna rural do territorio precisan alugar servizos de taxi para atender as súas necesidades de tipo sanitario, asistencial, institucional ou de calquera outro ámbito, máxime cando se trata de persoas de idade ou dependentes. O custo que implica esta necesaria dependencia de medios privados de transporte resulta substancial para a economía dalgunhas familias do medio rural.

Táboa: Número de licenzas de taxi

Territorio	Nº Licenzas
Cerceda	5
Frades	2
Mesía	2
Ordes	10
Oroso	7
Tordoia	1
Trazo	0
Comarca	27

Fonte: IGE e elaboración propia

En numerosas ocasións as persoas taxistas prestan un apoio humano e loxístico de gran axuda aos seus viaxeiros, acompañándoos na realización de numerosos trámites, polo que ademais de atender ás necesidades de transporte e comunicación, este servizo responde a unha necesidade de tipo asistencial.

A rede viaria de ferrocarril (A Coruña - Santiago), vertebra os municipios máis centrais da comarca de Ordes, pero carece de conexións cos concellos de interior, polo que o único transporte público (ou privado) con estes territorios realízase por estrada.

Na liña de ferrocarril Santiago- A Coruña as paradas e frecuencia de trens son as seguintes:

Táboa : Paradas e frecuencias de trens

		Frecuencia	
Parada	Parada facultativa	A Coruña-Santiago	Santiago-A coruña
Meirama	Non	7 diarios	7 diarios
Vila da Igrexa	Si	7 diarios	7 diarios
Cerceda	Si	7 diarios	7 diarios
Queixas-Londoño	Si	3 diarios	3 diarios
Gorgullos-Tordoia	Si	2 diarios	2 diarios
Ordes-Potranga	Si	2 diarios	2 diarios

Fonte: RENFE

Dada a situación de case abandono de numerosos apeadeiros secundarios e a dificultade para acceder ás estacións, pola súa distancia aos núcleos urbanos e capitais municipais, pódese entender que se trate dun medio de transporte público escasamente utilizado a nivel comarcal. Non en balde, téntase dar un novo enfoque ao ferrocarril de vía estreita, revalorizando o seu potencial como unha nova forma de viaxar que posibilita o goce da natureza, a paisaxe e o patrimonio.

O afastamento das estacións e peiraos de carga das principais empresas de produción da comarca ocasiona que ata este momento non se estea aproveitando todas as potencialidades do ferrocarril para o transporte de mercadorías, excepto o trazado ferroviario que une o porto de A Coruña coa central térmica de Meirama.

OFICINAS DE CORREO E SERVIZOS DE MENSAXERÍA

Préstase servizo de mensaxería (entrega e recollida) en todos os municipios da comarca, e valóranse como adecuados por parte dos usuarios. Na Comarca só hai dúas oficinas de correos situadas en Ordes e Sigüeiro (Oroso) respectivamente. As empresas de mensaxería que operan no territorio non contan con oficinas propias, salvo as das franquías MRW e Halcourier e a de Mensajeros Ordenes, S.L., todas elas sitas en Ordes.

Todos os municipios da comarca contan con servizo de correos, e valórase en xeral como adecuada a cobertura de correos e telégrafos existente, polo que se refire á rapidez de entrega, axilidade e comodidade, aínda cando nos concellos máis rurais reclámanse melloras no servizo, ante a limitación de horarios e as insuficiencias de persoal.

TELECOMUNICACIÓS

Existe unha gran diferenza entre as zonas rurais e os núcleos urbanos.

Televisión

A captación de sinal de televisión vese condicionada pola dixitalización do servizo. En xeral existe un adecuado sinal de televisión por antena en todo o territorio. Segundo despréndense do EIEL considérase que o 100% da poboación e dos núcleos teñen boa calidade de TV por antena. Cousa distinta é a cobertura e calidade da TV por cable que na maioría dos Concellos é mala ou nula.

Telefonía

A cobertura de telefonía fixa é boa na maioría do territorio comarcal. Aínda que teoricamente dispónse dunha cobertura de telefonía fixa adecuada, obsérvase unha neglixente resposta ás avarías do tendido e rede por parte dos operadores telefónicos, principalmente se se producen en núcleos rurais ou de escasa poboación.

Os niveis de equipamento en telefonía móbil no territorio son aceptables. Segundo a Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais o 91,08 % da poboación do territorio ten acceso mediante sistema GSM. Vólvese a constata a dicotomía entres os Concellos máis urbanos (Ordes e Oroso) onde a poboación con acceso á telefonía móbil supera o 94% e os máis rurais como Frades, Mesía ou Trazo onde non alcanza o 90 %. Curioso é o caso de Trazo, municipio que lindando con Santiago non alcanza o 82% de habitantes con acceso ó sistema GSM.

Táboa: Poboación segundo acceso á telefonía móbil

Territorio	Sistema GSM	
	Número	%
Cerceda	4.635	88,03%
Frades	2.181	86,93%
Mesía	2.446	85,85%
Ordes	12.170	94,06%
Oroso	7.076	95,22%
Tordoia	3.510	91,96%
Trazo	2.733	81,75%
Comarca	34.751	91,08%

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Internet

Os servizos comunitarios de acceso a internet, cobren parcialmente as posibles deficiencias nos fogares en acceso a esta rede, aínda que se sitúan con carácter xeral nas capitais municipais dos distintos, polo que as deficiencias e necesidades da poboación dos núcleos afastados, con peores comunicacións, e a priori con maiores limitacións en telecomunicacións, non se ven emendadas.

Táboa : Poboación segundo acceso a internet e centros públicos con acceso

Territorio	R.D.S.I.		Nº de centros públicos c/acceso
	Habitantes	% s/ total	
Cerceda	4.635	88,03%	3
Frades	2.181	86,93%	1
Mesía	2.446	85,85%	2
Ordes	12.170	94,06%	1
Oroso	7.076	95,22%	2
Tordoia	3.510	91,96%	2
Trazo	2.733	81,75%	2
Comarca	34.751	91,08%	13

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

A mellora da cobertura fixa na maior parte do territorio comarcal ha feito que a banda e o acceso a Internet poida ser posible non só nas capitais municipais interiores e nos concellos máis urbano. Con todo, a universalidade da comunicación por Internet mostra aínda as súas lagoas, pois unha débil cobertura, frecuentes cortes e problemas de conexión e unha lenta velocidade de transmisión de datos constitúen queixas frecuentes dos usuarios, pois a banda ancha non se acha implantada en toda a zona rural.

ABASTECIMENTO DE AUGA

A situación dos distintos concellos do interior da comarca polo que respecta á calidade da prestación de servizos básicos de abastecemento de auga é dispar.

O número de captacións que dan servizo á Comarca de Ordes ascende 25 dos que a totalidade delas están en bo estado.

A comarca de Ordes conta con 11 ETAP cunha capacidade total de 1.024 Qm/m³/h e un grado de saturación medio do 38%.

En canto ós depósitos que dan servizo, a comarca de Ordes conta con 30 cunha capacidade total de 19.158 m³.

A lonxitude total da rede de abastecemento supera os 545 km e conta con 8 bombeos.

El número de vivendas con abastecemento autónomo achégase ó 35,61 %, con máis da metade das vivendas con abastecemento autónomo nos municipio de Frades e Mesía, tal e como se pode observar na seguinte táboa referida á EIEL do ano 2014:

Táboa : Vivendas con abastecemento autónomo

Territorio	% Abastecemento autónomo
Cerceda	16,80%
Frades	52,40%
Mesía	51,00%
Ordes	36,40%
Oroso	8,90%
Tordoia	40,00%
Trazo	43,80%
Comarca	35,61%

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Non se constata que exista restricións no servizo de abastecemento e o consumo medio ronda os 120 litros por habitante/día, destacando o Concello de Ordes con 218,20 litros/hab. día. Os concellos de Frades, Mesía e Tordoia presenta un consumo medio elevado pola utilización da auga para a actividade gandeira

Táboa : Consumo medio

Territorio	Consumo medio (l/hab.día)
Cerceda	54,30
Frades	163,60
Mesía	109,40
Ordes	218,20
Oroso	72,20
Tordoia	140,40
Trazo	87,00
Comarca	120,73

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

SANEAMENTO

O sistema de rede de sumidoiros e saneamento é significativamente susceptible de mellora no territorio comarcal. Numerosos enclaves rurais, salvo os núcleos máis densamente poboados ou as capitais municipais carecen de sistemas de saneamento e depuración de augas residuais. Unha porcentaxe moi elevada das vivendas e establecementos dos núcleos rurais dispoñen unicamente de sistemas autónomos de saneamento. A mellora das infraestruturas básica de saneamento da comarca pódese mostrar necesaria desde o punto de vista ambiental e social.

A titularidade do servizo de saneamento de auga é variable dependendo de cada concello

Aínda que o estado das infraestruturas básicas de saneamento a nivel comarcal mostra deficiencias e limitacións, está a procurarse melloras neste sentido.

A porcentaxe de poboación abastecida é maior nos concellos con núcleos urbanos (fundamentalmente Ordes e Oroso) onde a concentración de poboación favorece a execución de

servizos. Deste xeito existe unha grande diferenza entre os concellos con núcleos urbanos e os que teñen un carácter máis rural.

As redes municipais de saneamento contan con EDARs xeralmente simples, cunha capacidade reducida e que contan cun pretratamento e un tratamento biolóxico. Indica-la excepción da EDAR de Ordes, que conta cunha grande capacidade de depuración e tratamento terciario.

Achégase a continuación unha táboa indicando o índice de rede de distribución de auga obtido na EIEL 2014, e que representa:

$$\frac{Lonx_rede_en_mal_estado + Lonx_en_déficit}{Lonx_total_rede} \times 100$$

Táboa : Índice de rede de saneamento

TERRITORIO	ÍNDICE DE SANEAMENTO
Cerceda	51,10
Frades	12,27
Mesía	0
Ordes	51,10
Oroso	23,14
Tordoia	31,53
Trazo	23,38
Comarca	28,02

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

Faise preciso salientar o elevado número de vivendas con saneamento autónomo cuxo porcentaxe medio na Comarca de Ordes é do 60,50%, alcanzando o 100% no Concello de Mesía, tal e como se pode observar na seguinte táboa referida á EIEL do ano 2014:

Táboa : Vivendas con saneamento autónomo

Territorio	% Saneamento autónomo
Cerceda	24,70%
Frades	86,50%
Mesía	100,00%
Ordes	28,40%
Oroso	38,50%
Tordoia	69,80%
Trazo	75,60%
Comarca	60,50%

Fonte: EIEL 2014. Elaboración propia

A lonxitude total da rede de saneamento na Comarca non chega ós 150 km, tal e como reflicte a EIEL do ano 2014.

Un dos principais problemas do saneamento ven derivado polo seu carácter unitario na maioría dos casos.

De forma directamente relacionada cos servizos de saneamento, á mellora do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria é susceptible de mellora na comarca, onde existen numerosos núcleos sen mantemento regular de servizo de limpeza. Non todos os concellos da comarca dispoñen de persoal propio de limpeza viaria.

ILUMINACIÓN E SUBMINISTRO ELÉCTRICO

Segundo os datos dispoñibles, Fenosa distribúe enerxía eléctrica en tódolos concellos da Comarca. Nos concellos de Cerceda e Frades tamén subministra enerxía a empresa Udesa.

A Comarca está atravesada por varias liñas de alta tensión, sendo relevante a existencia de liñas que parten da central térmica de Meirama, no concello de Cerceda. Asemade tamén discorre polos concellos da Comarca un gasoducto en dirección norte-sur.

En xeral valórase como adecuada a cobertura de iluminación pública nos principais enclaves de poboación, aínda que se precisa ampliar a rede de iluminación en determinados enclaves rurais de toda a comarca.

No referente a fontes de enerxía eléctrica renovables, no concello de Tordoia está enclavado o parque eólico Monte Castelo, e o PXOM do Concello de Oroso, realiza unha reserva de chan para a implantación dun futuro parque eólico. Asemade, e segundo información aportada por Augas de Galicia, na Comarca existen 2 centrais hidroeléctricas nos ríos Samo e Tambre, e está en previsión a execución doutra no río Bustela. En conxunto terán unha produción de 8,65 Gwh/ano.

O servizo de iluminación valórase como malo no 6,1% dos núcleos de poboación do municipio de Oroso e no 4,1% dos núcleos de Trazo, segundo datos do 2013 da enquisa sobre as infraestruturas e equipamentos municipais. En canto a potencia instalada destaca o concello de Ordes con 541,75 Kw, sendo o municipio con menor potencia instalada o de Frades con 56,50 Kw.

A maior potencia media instalada dáse no municipio de Cerceda con 7,81 Kw, lóxico tendo en conta a súa proximidade coa central térmica de Meirama e a menor nos municipios de Frades e Mesía con 1,66 e 1,71 kw respectivamente.

